UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
REXISTRO XERAL
SAÍDA

005541 11.06.2014 10:18

VERSIÓN CASTELLANO

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA
CURSO ACADÉMICO 2014-2015

En uso das atribucións conferidas nos Estatutos da Universidade, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de matrícula en estudos universitarios oficiais de primeiro e segundo ciclo, ensinanzas de grao, máster universitario, doutoramento e en titulacións propias impartidas na universidade para o curso académico 2014-2015, conforme ás seguintes:

I. NORMAS XERAIS

As normas incluídas neste título así como as incluídas no título **VII** sobre prezos, no título **VIII** sobre outras normas comúns e nos **Anexos I, II e III** son aplicables a todos os estudos impartidos na USC recollidos no **Anexo VII,** sen prexuízo da preeminencia das normas específicas aplicables a cada tipo de estudos e incluídas nos seus títulos correspondentes.

Ademais, as normas previstas nesta convocatoria terán carácter subsidiario para calquera dos estudos conducentes a títulos e diplomas impartidos na USC non incluídos nela.

1 RÉXIMES DE MATRÍCULA

A regulación e efectos dos estudos cursados, así como os prezos a aboar están determinados polo réxime de matrícula ao que se acolla o alumno.

1.1 MATRÍCULA ORDINARIA

Considérase **matrícula ordinaria** a de quen pretende iniciar ou continuar estudos para a obtención dalgunha das titulacións oficiais e propias que se relacionan no **Anexo VII.**

1.2 MATRÍCULA EXTRAORDINARIA

Matrícula extraordinaria é a matrícula que non dará dereito á obtención de ningún título oficial nin propio, e que pode ser realizada por calquera persoa independentemente da titulación que se posúa. Esta matrícula estará suxeita a autorización previa.

Na solicitude, o interesado deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos da súa solicitude, e un breve currículo académico e profesional.

A solicitude deberá presentarse antes do inicio das actividades académicas segundo o calendario aprobado polo Consello de Goberno.

1.3 MATRÍCULA ALUMNOS VISITANTES

Poderán formalizar matrícula como **alumnos visitantes** os procedentes doutras universidades, nacionais ou estranxeiras, non acollidos a programas de intercambio.

Na solicitude, o interesado deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos da súa petición, a universidade de orixe e os estudos cursados.

A solicitude deberá presentarse antes do inicio das actividades académicas segundo o calendario aprobado polo Consello de Goberno.

Sen prexuízo do seu réxime específico, os alumnos visitantes terán os mesmos dereitos que os alumnos matriculados en réxime ordinario.

1.4 MATRÍCULA EN PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

Tanto os alumnos da USC como doutras universidades que cursen estudos ao abeiro de calquera programa de mobilidade deberán formalizar matrícula antes do inicio do período en réxime de intercambio conforme ao disposto nesta convocatoria e ao resto de normativa da USC.

O alumnado vinculado a un programa interuniversitario disporá das convocatorias de exame establecidas nesta convocatoria.

1.5 MATRÍCULA EN ESTUDOS CON DOCENCIA VIRTUAL OU SEMIPRESENCIAL

Para a matrícula nos estudos realizados en modalidade virtual aplicarase o establecido na memoria do plan de estudos correspondente, no convenio ou normas específicas de aplicación do programa e, subsidiariamente, o disposto nesta convocatoria.

1.6 RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS PREVIOS EN RÉXIME DE INTERCAMBIO OU ALUMNOS VISITANTES

Os estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudantil que figuren no compromiso de estudos, así como os realizados a través da figura de alumno visitante recoñeceranse plenamente no caso de que o alumno acceda posteriormente aos devanditos estudos tras superar os procesos de ingreso establecidos pola lexislación vixente.

O recoñecemento posterior de estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudantil, así como os realizados a través da figura de alumno visitante, consistirá unicamente na inscrición dos estudos cursados no expediente do alumno correspondente aos estudos aos que accedeu como alumno ordinario. Este trámite só se realizará a petición do interesado e non devindicará prezos.

No caso de que o alumno, ademais, solicite recoñecemento de estudos realizados na Universidade de orixe esta solicitude tramitarase polo procedemento xeral de recoñecementos devindicando os prezos que estean establecidos para este.

2 MODALIDADES DE MATRÍCULA

2.1 MATRÍCULA A TEMPO COMPLETO

Os estudantes que inicien estudos en ensinanzas de grao e máster a tempo completo deberán matricularse de 60 ECTS, ou do número de ECTS equivalentes a un curso.

A matrícula en tutela académica de doutoramento considérase matrícula a tempo completo e equivalente a 60 ECTS.

2.2 MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL EN ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER

Os alumnos que por circunstancias acreditadas pretendan realizar estudos a tempo parcial poderán matricularse no 50% dos ECTS establecidos a elixir de entre os ofertados no primeiro curso, ou o número máis próximo a esta cifra en función dos créditos das materias en que se matriculen.

Como criterio xeral, a modalidade elixida manterase durante todo o curso académico pero poderá autorizarse o cambio de réxime en casos excepcionais.

De non fixarse outro, o número máximo de alumnos aos que se poderá autorizar matrícula a tempo parcial será o 15% das prazas ofertadas para o primeiro curso. No caso de que o número de alumnos matriculados sexa inferior ao de prazas ofertadas só se autorizará o 15% dos matriculados no primeiro curso.

A modalidade a tempo parcial só poderá solicitarse cando concorran circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen. Neste sentido, en atención a condicións de discapacidade, e para aqueles estudantes que por razón da súa situación persoal só poidan asumir un número inferior de créditos para obter taxas de éxito razoables, poderase tamén autorizar a opción de matrícula a tempo parcial.

Para xustificar a petición poderá presentarse o contrato de traballo acompañado da última nómina e da alta na seguridade social, certificado de discapacidade expedido polo órgano competente, ou xustificante que acredite suficientemente a concorrencia dunha situación persoal excepcional.

A solicitude presentarase no Centro ou na Comisión Académica correspondente durante o prazo de matrícula ordinario debendo acreditar os motivos polos que se solicita esta modalidade e indicando as materias das que quere quedar matriculado. A selección realizarase polo Centro ou pola Comisión Académica, que seleccionará aos alumnos de acordo cos criterios que deberán facerse públicos e que terán en conta as causas acreditadas que impidan realizar a tempo completo e a nota media do expediente académico. O resultado da selección publicarase, notificarase aos interesados e darase traslado á Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente para que procedan a facer o correspondente axuste de matrícula aos 30 ECTS establecidos para esta modalidade.

Antes do final do prazo xeral de modificación de matrícula o alumno debe acudir á UXA para confirmar as materias da matrícula a tempo parcial.

No caso de que se estableza unha ordenación temporal nos estudos, a matrícula deberá incluír os módulos, materias ou créditos que se determinen na oferta de estudos.

2.3 MATRÍCULA DE INICIO DE ESTUDOS

Os alumnos na modalidade a tempo completo deberán formalizar a matrícula no número de ECTS que constitúa a oferta de primeiro ano.

No caso dos estudos de Máster, no seu caso, dos módulos de iniciación á investigación, de acordo coa programación do Máster sempre que non exista algunha limitación ou impedimento establecido na oferta. Os alumnos que acceden directamente ao segundo curso deberán matricularse na totalidade de créditos este segundo curso, excepto naqueles en que exista algunha limitación ou impedimento, de acordo coa programación académica. Neste caso a matrícula non poderá exceder os 75 ECTS (sen contabilizar os créditos correspondentes ao Traballo Fin de Máster).

A relación de titulacións e prazas para inicio de estudos recóllense no Anexo VI.

2.4 MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

Poderán formalizar matrícula para continuar estudos na mesma titulación aqueles alumnos que estivesen matriculados nesta universidade no curso ou cursos anteriores e cumpran os requisitos establecidos nas Normas de Permanencia nas titulacións de Grao e Máster.

Os alumnos procedentes doutras universidades deberán cumprir os requisitos establecidos no Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010 e presentar unha solicitude para ser admitidos para continuar estudos nesta Universidade, tanto nas titulacións con límite como sen el.

O alumnado que desexe continuar estudos poderá formalizar a matrícula en calquera materia do plan de estudos de acordo coa ordenación temporal que este estableza sempre que non incorra nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nesta convocatoria, nas Normas de Xestión Académica e no plan de estudos.

Os alumnos de estudos de Grao e Máster que continúan estudos con materias suspensas deberán matricularse, en primeiro lugar, de todas as materias pendentes dos cursos anteriores, de forma que non poderán matricularse de materias novas se teñen materias pendentes que sumen 75 ou máis créditos. No cómputo dos 75 ECTS non se terán en conta os créditos do Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster en que se inscriba o alumno.

A relación de titulacións e prazas para continuación de estudos recóllense no Anexo VI

3 DEREITOS E DEBERES

Sen prexuízo de calquera outro dereito ou deber legalmente establecido, a matrícula realizada de acordo coas presentes normas supón:

- O dereito de asistencia e participación en todas as actividades formativas e a ser avaliado de acordo cos criterios establecidos ao efecto, así mesmo implica o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente de conformidade co art. 130 dos Estatutos da USC e a normativa de desenvolvemento.
- O dereito a concorrer no curso ás convocatorias dos procesos de avaliación que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros e conforme á Normativa de asistencia a clase nas titulacións adaptadas ao EEES.
- A obtención da Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI) que lle permite o acceso aos servizos e instalacións da USC.
- O dereito a participar na vida académica de acordo co establecido nos Estatutos da USC.
- O deber de efectuar o pagamento das tarifas por servizos académicos e o resto das tarifas, agás que se teña dereito a exención, e do seguro escolar ou obrigatorio, segundo proceda.
- Os alumnos con máis dunha nacionalidade terán o deber de declaralas todas e, no caso de que unha delas sexa a española, exercer esta nas súas relacións administrativas e académicas coa universidade.

4 PRAZOS, ESTADOS E EFECTOS DA MATRÍCULA

A matrícula e as súas modificacións axustaranse aos prazos establecidos no **Anexo I**.

A validez da matrícula está condicionada á verificación dos datos declarados, os requisitos de admisión establecidos na USC e ao pagamento dos prezos públicos correspondentes. De non acreditar os datos ou se os datos académicos declarados non coinciden cos que figuren na documentación presentada, serán excluídos do proceso de adxudicación de prazas ou se procederá a iniciar os trámites para o arquivo ou anulación da matrícula, segundo proceda.

A matrícula formalizada poderá quedar nun dos seguintes estados:

Activa. Cando se comprobe que reúne os requisitos de acceso aos estudos e efectuado o pagamento das tarifas. Esta matrícula outorgará plenos dereitos aos estudantes.

Suspendida. Cando se estea pendente de acreditar documentos necesarios para formalizar matrícula ou teña algún pagamento pendente e se inicie o procedemento de recadación extraordinaria. Esta matrícula supón a limitación de dereitos tales como o acceso ao expediente, renuncia ás convocatorias, expedición de certificados, traslados e títulos e a imposibilidade de matricularse noutros estudos, ou modificar a matrícula. Neste estado a débeda manterase vixente e procederá a súa reclamación por vía ordinaria e executiva.

Arquivada. Cando non se presenten unha vez requiridos documentos esenciais para a matrícula. A matrícula non terá efectos, pero a persoa interesada manterá a débeda das tarifas de secretaría e os seguros obrigatorios. Consideraranse documentos esenciais para estes efectos:

a) Os documentos que habiliten ao alumnado para iniciar estudos universitarios especificados nos anexos á convocatoria, ou que declarase posuír.

b) Os xustificantes do pago dos dereitos de traslado de expediente para o alumnado procedente doutras universidades.

c) Aqueles documentos específicos que se establezan con este carácter na convocatoria de matrícula para o acceso a titulacións oficiais ou propias.

Desistida. Cando se solicita no prazo establecido a desistencia ou anulación da matrícula ou se dan as circunstancias establecidas na normativa para proceder á anulación. Neste suposto, deberá aboarse a débeda das tarifas de secretaría e os seguros obrigatorios.

Anulada.- A matrícula anulada supón a perda total da súa eficacia e a anulación de todos os actos derivados da mesma por declaración da universidade. A anulación poderá ser de oficio ou voluntaria (por desistencia) cando sexa resolta a petición do alumno e non sexa como consecuencia de defectos que supoñan a anulación.

5 LUGARES E SISTEMAS DE MATRÍCULA

Os alumnos de ensinanzas de Grao e Máster, Doutoramento e Posgrao Propio realizarán tanto a matrícula como calquera outro trámite ou solicitude en materia de xestión académica conforme ao establecido nos apartados seguintes.

O resto de estudos impartidos na USC rexeranse a este respecto polas súas convocatorias específicas.

Con carácter xeral a matrícula deberá cubrirse por medios electrónicos na Secretaría Virtual. En concreto, este sistema será obrigatorio para:

- Os alumnos que inicien ou continúen os seus estudos de grao. As ampliacións e modificacións de matrícula realizaranse sempre por este sistema.

- Os alumnos de máster universitario oficial realizarán a matrícula exclusivamente por Internet.
- A matrícula de continuación do título propio de Diploma Superior de Criminoloxía

De non ser posible a realización da matrícula por internet, deberá formalizarse na Unidade de Xestión Académica que corresponda á titulación de Grao ou Máster, ou para os estudos de Doutoramento e Posgrao Propio na Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua ou no Negociado de Admisión e Terceiro ciclo segundo cursen estudos no Campus de Santiago ou no de Lugo respectivamente.

Matrícula Presencial

Realizarase de forma presencial a matrícula:

- Por validación parcial de estudos estranxeiros.
- De alumnos de programas de intercambio interuniversitario doutras universidades, que cursan estudos na USC en virtude de programas de intercambio Interuniversitario ou de convenio bilateral.
- A matrícula extraordinaria e de alumnos visitantes.
- A matrícula de inicio no Diploma Superior de Criminoloxía (Título propio).
- A dos que soliciten simultanear estudos, na segunda titulación.
- A de prácticas extracurriculares.
- A de alumnos de doutoramento na modalidade de matrícula por estadía de investigación.
- Aqueloutros alumnos para os que non estea prevista a súa matrícula por medios electrónicos.

6 PETICIÓNS E TRÁMITES EN MATERIA DE XESTIÓN ACADÉMICA

As solicitudes dos alumnos presentaranse preferentemente por medios electrónicos, ben a través da Secretaría Virtual do Alumno ou polos formularios accesibles por vía telemática a través da sede electrónica da USC (https://sede.usc.é/sede/publica/index.htm) no apartado correspondente aos procedementos de Xestión Académica.

Os trámites e presentación de documentación que non se poidan realizar, neste momento, a través da Sede Electrónica da USC ou directamente na Secretaría Virtual do Alumno, deberán facerse na Unidade de Xestión Académica, na Sección de Terceiro Ciclo ou no Negociado de Admisión e Terceiro Ciclo segundo corresponda.

As solicitudes asinadas polo alumnado e o procedemento de matrícula implican aceptar as bases da convocatoria, que todos os datos que se incorporaron se axustan á realidade, e que en caso de requirir documentación complementaria doutras Administracións ou a súa verificación, autoriza á USC a obter a información necesaria para a tramitación da súa solicitude. Así mesmo poderá manifestar a súa conformidade a recibir recibir notificacións telemáticas mediante comparecencia en Sede Electrónica

Excepcionalmente, conforme ao previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, no caso de que se acredite que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, o solicitante non teña garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, poderá presentar o formulario asinado e a documentación correspondente, nos lugares e rexistros da USC conforme aos procedementos previstos na normativa da USC e no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, ou mediante a formulación de solicitudes electrónicas a través de funcionarios habilitados por medio de comparecencia no Rexistro Xeral da USC.

Os documentos electrónicos que sexa preciso adxuntar ás solicitudes, axustaranse aos formatos regulados no Real decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade e na súa normativa de desenvolvemento. O Rexistro Electrónico poderá rexeitar os documentos electrónicos que se presenten nos supostos previstos no artigo 29 do Real decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño.

Unha vez cuberta a solicitude, deberá ser asinada polo interesado con calquera dos sistemas de sinatura electrónica establecidos na normativa da USC e nos artigos 13.2 e 16.1 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, e enviada polo procedemento telemático establecido, quedando así presentada a todos os efectos.

6.1 DOCUMENTACIÓN E NOTIFICACIÓNS

A falta de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, impide continuar coa matrícula e debe determinar o inicio do procedemento de arquivo da petición.

Nos casos en que os documentos xa estean en poder da Administración Universitaria, o único requisito para a validez da matrícula é aboar os prezos públicos correspondentes.

A documentación que debe presentar o alumnado na solicitude de matrícula é a que se relaciona nos **Anexos II** e **III**.

Nas solicitudes o alumnado deberá incluír unha dirección de correo electrónico, que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven da tramitación e que figuran depositadas na Sede Electrónica da USC.

A práctica das notificacións realizarase por medios electrónicos mediante comparecencia en sede na dirección https://sede.usc.es na forma regulada polo artigo 40 do Real decreto 1671/2009, de 6 de novembro para os alumnos que así o soliciten.

6.1.1 Presentación de documentos acreditativos de requisitos.

Os documentos necesarios da matrícula presentaranse no momento da súa formalización ou no prazo de 10 días desde esta.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula, ou cando proceda, a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas.

Os documentos deben reunir os requisitos recollidos na Instrución 2/2008 da Secretaría Xeral da USC, de 19 de febreiro de 2008, na que tamén se establecen os rexistros onde se poden presentar.

6.1.2 Documentación en procesos selectivos

Considéranse procesos selectivos, a efectos do disposto neste apartado, todos os procedementos de adxudicación de prazas para iniciar ou continuar estudos tanto con límite ou sen el e independentemente de que finalizado o prazo de solicitude resultasen prazas vacantes.

En todos os procesos selectivos o procedemento basearase na declaración responsable de datos efectuada polo interesado. A admisión e a matrícula quedarán condicionadas á acreditación e verificación do cumprimento dos requisitos.

A documentación necesaria para cada proceso selectivo deberá presentarse no prazo de dez días seguintes ao de formalizar a solicitude de praza ou de realización de matrícula segundo proceda, sendo suficiente notificación para estes efectos a información que figura na Secretaría Virtual respecto da documentación a presentar. En caso de non presentar a documentación en prazo serán excluídos do proceso de adxudicación de prazas.

Aos efectos do disposto nos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992 do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en caso necesario a notificación de todos os actos, tanto de trámite como definitivos incluíndo os requirimentos necesarios aos solicitantes e a publicación das listaxes de adxudicación de prazas efectuaranse no taboleiro de anuncios oficial da sede electrónica da USC.

Cursos Complementarios (Cursos Ponte).- Os Interesados que cursaron estudos noutra universidade deberán presentar coa solicitude unha certificación académica coa media do expediente en base 10 na que deberán figurar todas as materias cursadas, os créditos de cada materia (ou no caso de plans non estruturados en créditos o carácter anual ou cuadrimestral da materia), as cualificacións, e unha fotocopia compulsada do título ou da certificación supletoria que acredite que efectuou o depósito do título.

Continuación de Estudos en Titulacións con Cota.- Para continuar os estudos xa iniciados noutra universidade, os solicitantes deberán declarar os datos académicos de acceso e os estudos universitarios cursados e presentar coa solicitude unha certificación académica completa dos estudos cursados, na que se inclúan todas as materias superadas e as cualificacións. Nesta certificación deberán figurar as cualificacións obtidas na primeira convocatoria común do curso 2013/14, agás que acrediten non terse matriculado nese curso académico.

De non poder presentar o certificado académico por causa imputable á universidade de orixe admitirase, excepcionalmente, a declaración do interesado do seu expediente previa xustificación da imposibilidade manifestada. A falsidade ou ocultación dos datos dará lugar á anulación da adxudicación da praza, independentemente doutras medidas que poidan proceder.

Máster Criterios Específicos.- Para solicitar a admisión o alumnado deberá cubrir os datos na Secretaría virtual no prazo establecido no Anexo I e adxuntar a documentación acreditativa dos méritos para a valoración dos criterios.

Entenderase que os alumnos que non envíen ningunha documentación desexan ser valorados unicamente polo expediente académico do que dispón a USC, ou o declarado na solicitude.

Máster con Criterios Xerais: M.U. en Psicoloxía Xeral Sanitaria.- Os solicitantes de praza no Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria procedentes doutras universidades deberán presentar certificación da súa universidade de orixe respecto do cumprimento por parte do interesado dos requisitos académicos para o acceso a este Máster.

7 IMPEDIMENTOS DE MATRÍCULA

7.1 PLANS DE ESTUDO

Ademais dos requisitos e limitacións establecidos nesta convocatoria, a matrícula deberá axustarse ás condicións particulares que fixe cada plan de estudos.

7.2 INCOMPATIBILIDADES ACADÉMICAS E HORARIAS

A matrícula que formalicen os alumnos entenderase realizada sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinadas polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo, e non obrigarán en ningún caso á súa modificación.

7.3 LÍMITE MÁXIMO DE MATRÍCULA

Os alumnos que continúan estudos poderán matricularse nos créditos que desexen de acordo coa programación e coa ordenación temporal dos estudos de Grao e Máster, cun límite máximo de 75 ECTS (sen contar os créditos correspondentes ao Traballo Fin de Grao ou de Máster).

Esta limitación é de aplicación a todos os alumnos, incluído o alumnado que curse estudos ao abeiro dun programa ou convenio de intercambio interuniversitario, que ademais deberá axustarse ao disposto no Regulamento de Intercambios interuniversitarios de Estudantes.

7.4 NORMAS DE PERMANENCIA

Para poder continuar os estudos iniciados, o alumnado deberá acreditar o rendemento académico esixido segundo o tipo de estudos, como se detalla nesta convocatoria.

7.5 LIMITACIÓN DE CONVOCATORIAS

Os alumnos que non superasen unha materia nas convocatorias ás que teñen dereito non poderán formalizar matrícula na devandita materia.

7.6 MATERIAS SEN DOCENCIA E CON DOCENCIA NO CURSO ANTERIOR

Unicamente poderán matricularse nas materias sen docencia que tivesen docencia nun curso anterior, o alumnado que estivo matriculado no período no que se impartiu a docencia da materia. Estas materias figuran na oferta de estudos baixo o epígrafe “non matriculable, só para repetidores”.

8 INSCRICIÓN NO TRABALLO FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER

A inscrición no Traballo Fin de Grao e de Máster axustarase aos prazos fixados no **Anexo I** para o primeiro ou segundo período de matrícula de acordo coa oferta do centro respectivo

A matrícula nos Traballos Fin de Grao e de Máster realizarase xunto coa matrícula ordinaria.

Para poder formalizar a matrícula destes traballos o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 ECTS para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao Traballo, debendo formalizar matrícula en todos eles.

O Traballo de Fin de Grao ou de Máster só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o estudante superou o resto de créditos necesarios para a obtención do título.

9 PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS

As prácticas, calquera que sexa o seu réxime, para producir efectos no expediente académico dos alumnos ou no Suplemento Europeo ao Título, deberán responder a unha convocatoria na que se concrete, como mínimo:

- Determinación do número de ECTS que se van a realizar
- Esixencia de matrícula previa ao comezo do período de prácticas.
- Órgano académico universitario da USC encargado da avaliación da actividade
- Descrición do contido da actividade

Só por causas excepcionais se poderá autorizar e recoñecer prácticas que incumpran o disposto neste apartado.

Os créditos pola superación de prácticas cursadas como alumno dunha titulación só poderán ser aplicados á titulación na que se cursaron, de forma que non poderán ser aplicadas noutra distinta polo procedemento de recoñecemento.

9.1 PRÁCTICAS INCLUÍDAS NOS PLANS DE ESTUDO

Os centros e organismos coordinadores das prácticas en empresas realizarán a selección dos alumnos conforme a convocatorias públicas de acordo coa Normativa de Prácticas Externas en Empresas e Institucións. As convocatorias deberán enviarse ao Servizo de Xestión Académica.

A relación de alumnos admitidos remitirase á Unidade de Xestión Académica, indicando o período de prácticas, número de horas, número e tipo de créditos, empresa ou institución onde se realizarán as prácticas, e os titores ou órganos responsables das prácticas.

Os alumnos deberán matricularse nas prácticas no prazo de cinco días seguintes á publicación da relación de alumnos admitidos, que deberá ser comunicada no mesmo día á Unidade de Xestión Académica.

A admisión dun alumno para a realización de prácticas en empresa daralle dereito á modificación da matrícula no mesmo prazo en que se matricule das prácticas, de acordo co disposto no apartado 10.5 desta convocatoria.

Unha vez iniciadas as prácticas non procederá a modificación do número de créditos matriculados agás que, por causa non imputable aos alumnos, a empresa ou institución modificase a súa duración. Esta circunstancia debe ser comunicada polo responsable académico ao Servizo de Xestión Académica.

A realización parcial das prácticas non dará dereito ao recoñecemento de ningún crédito figurando nas actas como “Suspenso”.

Os alumnos de prácticas obrigatorias de estudos de grao e máster matricularanse no prazo ordinario de matrícula e serán avaliados como de calquera outra materia.

A efectividade da matrícula ao inicio do curso en prácticas optativas estará suxeita ao número de prazas ofertadas e aos correspondentes procesos selectivos. Os alumnos matriculados, no caso de non serlles asignada praza de prácticas, poderán modificar a súa matrícula no segundo semestre.

A matrícula nas prácticas optativas efectuarase unha vez admitido nas prácticas, e sempre antes do inicio das mesmas. A admisión para a realización de prácticas en empresas dará dereito á modificación da matrícula no mesmo prazo establecido para a matrícula das prácticas, de acordo co disposto nesta convocatoria.

9.2 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Considéranse prácticas extracurriculares aquelas que cursen os alumnos mentres estean a cursar estudos pero que non computan a efectos da obtención do título e que se reflectirán no expediente.

As prácticas extracurriculares serán cualificadas con “Apto” ou “Non Apto”.

10 MODIFICACIÓNS DE MATRÍCULA.

Durante o período de matrícula ordinario os alumnos poderán ampliar ou modificar a matrícula realizada, de calquera das materias matriculadas.

Se, como consecuencia da modificación da matrícula, resultase un importe a devolver, procederá iniciar, a pedimento do interesado, un expediente de devolución dos prezos públicos. No caso de que o alumno se acollese ao pagamento fraccionado, as modificacións teranse en conta para o cálculo dos pagos pendentes.

10.1 ANULACIÓN TOTAL

Os alumnos poderán solicitar a desistencia total (anulación total da matrícula) nos prazos que se establecen no **Anexo I** desta convocatoria con dereito á devolución dos prezos públicos.

A desistencia solicitada fóra dos prazos establecidos, de ser resolto favorablemente, non dará dereito á devolución de prezos públicos, manténdose a débeda dos prezos deixados de aboar.

Non procederá a desistencia ou anulación total de matrícula cando o alumno xa concorrera a algunha convocatoria de exames, ordinaria ou extraordinaria, aínda que fose admitido para cursar estudos noutra universidade.

Non procederá a anulación da matrícula realizada para a homologación do título universitario oficial (probas de conxunto, proba de aptitude, período de prácticas, proxecto ou traballo, cursos tutelados) despois de finalizado o prazo de inscrición.

10.2 AMPLIACIÓN E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA

Enténdese por modificación a substitución dunhas materias por outras.

Só se poderá solicitar a ampliación ou modificación da matrícula unha vez por cada período de matrícula e nos prazos que se indican no **Anexo I**.

As ampliacións e modificacións de matrícula estarán sometidas ás limitacións e impedimentos que se establecen na convocatoria de matrícula, nos plans ou programas de estudo e nas Normas de Xestión Académica.

As ampliacións e modificacións de matrícula, en calquera dos períodos, só se poderá realizar a través da Secretaría Virtual, agás cando se requira autorización previa.

A ampliación ou modificación da matrícula supón a incorporación do alumnado ás actividades programadas a partir desa data e non xera o dereito para o alumno a repetir as actividades realizadas ou proceder a excluílas da avaliación. Tampouco implica o dereito a datas de avaliación distintas das previstas se están matriculados de materias con datas de avaliación coincidentes.

As modificacións de matrícula en estudos de máster no segundo período deberán ser autorizadas previamente polo coordinador do programa, aplicándose as limitacións, impedimentos e requisitos establecidos na normativa que regula os estudos de Posgrao, na oferta do máster, e nesta convocatoria.

10.3 MODIFICACIÓNS NA MATRÍCULA DE INTERCAMBIO

Toda modificación autorizada no compromiso de estudos ou acordo académico de conformidade co establecido no Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes, levará consigo a obrigación de solicitar a modificación da matrícula nos dez días posteriores ao da citada autorización. Estas modificacións solicitaranse por correo electrónico dirixido á Unidade de Xestión Académica correspondente.

Os alumnos doutras universidades que cursen estudos na USC en virtude dun programa ou convenio de intercambio interuniversitario deberán modificar a súa matrícula, no prazo de 10 días desde a modificación do compromiso de estudos ou acordo académico. Non se admitirán modificacións de matrícula de materias nas que xa se abrira o período de avaliación de acordo co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

Os alumnos da USC que cursen estudos a través de programas de intercambio poderán modificar a súa matrícula conforme ao disposto na regulación dos programas de intercambio. As modificacións solicitaranse, previa modificación do compromiso de estudos autorizada por todas as partes.

10.4 MODIFICACIÓN POR RECOÑECEMENTOS, ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS

Se o alumno está matriculado nas materias adaptadas, validadas ou recoñecidas, a eficacia e a imputación no expediente será desde que se dite a resolución, agás que xa fose cualificado con "suspenso". Cando non se poidan aplicar os recoñecementos por estar as materias xa cualificadas poderase facer en cursos posteriores.

Non se admitirá ningunha anulación das adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos que xa producisen efectos no expediente académico.

En ningún caso procederá o recoñecemento de materias cursadas en réxime de simultaneidade de estudos entre distintas universidades cando se trate de titulacións iguais ou equivalentes.

Solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo ordinario de matrícula

Para as solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo ordinario de matrícula o alumno terá dereito a modificar a matrícula no prazo dos dez días seguintes ao de resolución e á devolución de prezos que poidan corresponder.

Solicitudes presentadas fóra do prazo xeral de matrícula.

As resolucións de recoñecemento ditadas como consecuencia de solicitudes presentadas noutros períodos non darán dereito a modificar ou anular matrícula.

10.5 ADMITIDOS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESA OU NOUTRAS INSTITUCIÓNS

Os alumnos admitidos para realizar prácticas en empresas ou noutras institucións convocadas pola universidade poderán modificar a súa matrícula no prazo de cinco días seguintes a aquel en que foron seleccionados. Unicamente poderán anular un número de créditos igual ou inferior, do mesmo tipo, e sempre que non se celebrasen os exames da materia ou materias que pretendan anular.

10.6 MATRÍCULA E MODIFICACIÓNS DE MATRÍCULA NO SEGUNDO SEMESTRE

Os alumnos matriculados no inicio de curso, en prácticas optativas nas que non resulten seleccionados poderán modificar, ademais do establecido neste apartado, un número de créditos equivalente á materia de prácticas.

10.6.1 Inicio de estudos de Máster

Excepcionalmente, a petición do coordinador do máster, no prazo establecido no **Anexo I**, poderase autorizar a matrícula de novos alumnos no caso de que no primeiro período resultasen prazas vacantes. As prazas neste período adxudicaranse por orde de solicitude. A matrícula só abarcará as materias do segundo semestre.

Para estes efectos, os coordinadores deberán comunicar a súa vontade de convocar as prazas vacantes á Secretaría Xeral antes da data recollida no Anexo I, a través do Servizo de Xestión Académica.

10.6.2 Continuación de estudos

Poderán matricularse para continuar os estudos xa iniciados en materias anuais e do segundo semestre os alumnos desta universidade que non se matricularon no período ordinario de matrícula.

10.6.3 Ampliación e modificación de matrícula no segundo semestre en ensinanzas de grao

Só se poderá realizar unha modificación de matrícula neste prazo de forma que o número de créditos resultante non poderá ser inferior aos inicialmente matriculados.

Poderá modificarse a matrícula engadindo ou substituíndo materias de acordo co seguinte:

- **Ampliación de materias**.-Só se poderá ampliar a matrícula en materias anuais e do 2º semestre, calquera que sexa o carácter das mesmas.
- **Substitución de materias.-** Poderanse substituír soamente materias optativas do 2º semestre nas que estea matriculado por outras do 2º semestre de calquera carácter.

11 SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS

As normas desta convocatoria sobre a simultaneidade de estudos entenderanse sen prexuízo do disposto no Acordo de Consello de Goberno de 19 de xuño de 2013 respecto de dobres titulacións e os programas para persoas de altas capacidades que se rexerán pola súa normativa específica.

Así mesmo, as normas desta convocatoria referentes á simultaneidade de estudos non serán aplicables a titulacións propias, estudos de formación continua, cursos de especialización, cursos de idiomas e outras actividades formativas, nin para simultaneidade con estudos de nivel non universitario.

11.1 IMPEDIMENTOS:

Non se concederá autorización de simultaneidade para:

- Simultanear máis de dúas titulacións, sexan estudos da Universidade de Santiago ou doutras universidades
- Cursar estudos doutra universidade conducentes á obtención do mesmo título ou entre titulacións que teñan as mesmas competencias académicas e profesionais. En caso de cursar os mesmos estudos simultaneamente en dúas universidades non se recoñecerán na USC.
- Iniciar simultaneamente dous estudos de Grao ou de Máster
- Cando se solicite a matrícula a tempo parcial para simultanear estudos.

11.2 REQUISITOS

O alumnado dos estudos de grao e máster poderá simultanear os estudos de dúas titulacións que imparte esta universidade sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Superar o primeiro curso completo dunha das titulacións para simultanear estudos de grao.

- Que rematado o proceso de admisión resultasen prazas vacantes. En consecuencia, o estudante non poderá solicitar praza na segunda titulación de grao ou máster ata finalizado o proceso de admisión. Se solicita praza no proceso de admisión na segunda titulación e resulta admitido deberá optar entre matricularse nesta titulación ou continuar os estudos xa iniciados.

  Rematado o proceso de admisión, abrirase un prazo de 5 días naturais para que os alumnos que reúnan os requisitos se matriculen na segunda titulación na que quedasen vacantes cos límites de matrícula que se establecen nesta convocatoria.

  Como excepción, os alumnos que só teñan pendente de superar un máximo de 15 ECTS e o Traballo Fin de Grao ou Fin de Máster para concluír os seus estudos poderán simultanear estes estudos con outros nos que resulten admitidos para iniciar estudos.

  O alumnado que xa iniciara estudos en cursos anteriores poderá simultanear ambos estudos sempre que reúnan o requisito de ter superado o primeiro curso dunha das titulacións de grao e a matrícula no máximo de créditos establecido. Esta norma tamén será de aplicación para os alumnos que cursaron estudos dun plan extinguido, ou en proceso de extinción, que non concluíron e teñan que cambiar a estudos de grao. Neste caso, poderán simultanear con outras titulacións xa iniciadas e non finalizadas en cursos anteriores.

- A matrícula total nos estudos que pretende simultanear, sumadas as dúas, non superarán conxuntamente os 75 ECTS sen contar os créditos correspondentes ao Traballo de Fin de Grao ou de Máster.

11.3 DEREITOS E OBRIGAS

Os alumnos aos que se lles conceda a simultaneidade de estudos:

- Terán as mesmas obrigas de asistencia á clase, de realización das prácticas e outras actividades académicas que se dispoñan na guía docente

- Non suporá ningún dereito para o cambio de datas de exames por este motivo

- Tampouco terán ningunha consideración especial nos procedementos de cambios de grupo de docencia nos que se aplicará o regulado por cada centro.

11.4 SIMULTANEIDADE ENTRE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO E TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

Para simultanear a matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao ou máster) terase en conta que:

- A matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo computa, para efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico, como 60 ECTS.

- A suma dos ECTS da matrícula a tempo completo no programa de doutoramento e a matrícula noutros estudos oficiais (grao e máster) nun mesmo curso académico non pode exceder de 75 ECTS.

- Unha persoa doutoranda matriculada a tempo parcial nun programa de doutoramento non poderá realizar simultaneamente outros estudos universitarios.

11.5 SIMULTANEIDADE ENTRE TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES E TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO REAL DECRETO 1393/2007

No caso de simultaneidade entre unha titulación en proceso de extinción e unha titulación adaptada ao EEES o número de créditos que se poderán matricular conxuntamente entre ambas titulacións será de 90. Tamén se permitirá a matrícula no proxecto ou Traballo Fin de Carreira e nun máximo de 60 créditos noutros estudos.

Non se admitirán solicitudes de simultaneidade que supoñan matricularse por primeira vez en materias sen docencia.

11.6 SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS CON OUTRAS UNIVERSIDADES

Non se autorizará a simultaneidade entre estudos da USC e doutra universidade na que a docencia sexa presencial, excepto o previsto para os alumnos aos que lles reste un máximo de 15 ECTS e o Traballo Fin de Grao ou Máster para concluír os seus estudos.

Para simultanear unha titulación con outros estudos non presenciais (virtuais ou semipresenciais) esixiranse os mesmos requisitos e aplicaranse as mesmas limitacións de matrícula que se regulan para os estudos que se simultanean na USC.

No caso de que outra universidade conceda a simultaneidade de estudos a un alumno sen reunir as condicións que se establecen nesta convocatoria, o estudante debe optar entre os dous estudos. En caso de non facelo, procederase a anular matrícula nos estudos que cursa na USC.

12 ADAPTACIÓN DE ITINERARIOS CURRICULARES

En calquera dos estudos regulados nesta convocatoria os itinerarios curriculares que deban seguirse para a obtención do título poderán adaptarse por resolución de recoñecemento de *altas capacidades* ou de *necesidades educativas especiais* do alumno.

A resolución da petición de adaptación curricular, unha vez recoñecida dita situación pola unidade ou servizo correspondente, poderá incluír a modificación ou dispensa dos límites de matrícula e do cómputo de convocatorias, determinar o itinerario curricular a seguir cada curso, e determinar outros requisitos de matrícula distintos dos establecidos con carácter xeral.

13 CAMBIOS DE CENTRO

Os alumnos que iniciasen estudos nunha titulación que se imparta nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo poderán solicitar continuar os mesmos estudos noutro campus distinto a aquel en que iniciaron os seus estudos nos termos previstos no artigo 33 das Normas de Xestión Académica.

14 PROCESOS DE AVALIACIÓN. RENUNCIA

O alumnado disporá dunha única convocatoria por curso académico, con dúas oportunidades de avaliación, unha ao final de cada semestre e outra no mes de xullo conforme ao calendario académico aprobado.

Este dereito de avaliación quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo ou as programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable.

Non se poderá avaliar ningún alumno que non estea efectivamente matriculado na materia ou actividade (prácticas, estancias, etc.) correspondente.

14.1 CONVOCATORIAS EN ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER

Con independencia das oportunidades previstas para cada convocatoria, o alumnado poderá concorrer a un máximo de 4 convocatorias por materia en estudos de grao e máster conducentes ao exercicio de profesións reguladas, e 2 para o resto de estudos de máster.

A matrícula de prácticas en empresas ou institucións, estancias e actividades equiparables só dará dereito a ser avaliado unha vez por curso. A oportunidade de avaliación será a primeira ou segunda segundo corresponda en función da finalización da actividade.

A matrícula dos Traballos Fin de Grao en Máster dará dereito ás convocatorias que determina o Acordo de Consello de Goberno de 2 de maio de 2013

As convocatorias entenderanse consumidas aínda que os estudantes non se sometan a ningún dos dous procedementos de avaliación establecidos, de tal xeito que a mención "non presentado" na primeira oportunidade permite que o estudante poida concorrer á segunda oportunidade de exame sempre que non o impida a guía docente. Cando tampouco concorra á segunda oportunidade terase por consumida a convocatoria.

A cualificación dunha convocatoria na que o alumno non se presenta, ou non supera os obxectivos establecidos, será de “suspenso”, salvo que o estudante non realice ningunha actividade académica, nese caso constará como “non presentado”.

Alumnos de grao e máster en programas de intercambio

O alumno vinculado a un programa interuniversitario disporá das oportunidades de avaliación que teña establecidas a universidade de destino. Independentemente, poderase presentar á oportunidade de xullo na USC se se cumpren as seguintes condicións:

- que a materia ou materias non superadas durante o intercambio estean recollidas no compromiso de estudos ou acordo académico.
- que as materias non superadas teñan equivalente na súa titulación.
- que o permita a guía docente.

O coordinador deberá informar ao profesorado responsable das materias e comunicaralle á UXA correspondente a relación de alumnos/as que se van a acoller a esta posibilidade para que a UXA lle retire a condición de alumno/a de intercambio na acta e poder ser cualificado.

Conforme o artigo 11.6 do Regulamento de Intercambios quedan excluídas desta posibilidade as materias correspondentes ao segundo semestre

Alumnos de grao con matrícula anterior á entrada en vigor das Normas de Permanencia

Os alumnos que formalizaran matrícula en materias de Grao antes do curso 2012-2013 (de entrada en vigor das Normas de Permanencia), poderán solicitar unha convocatoria extraordinaria para as materias de formación básica ou obrigatoria no suposto de esgotar as catro ás que ten dereito.

14.2 RENUNCIA ÁS CONVOCATORIAS

A renuncia a unha convocatoria só se poderá conceder unha única vez por materia independentemente de se a causa da renuncia é voluntaria, ou por causa de forza maior. A renuncia implicará a imposibilidade de realizar con posterioridade ningunha actividade na materia. No expediente do alumno figurará coa mención de "renuncia".

A renuncia supón a eliminación da acta do alumnado e a renuncia a todas as oportunidades de avaliación establecidas nese curso académico.

Unha vez aceptada a renuncia non será posible desistir desta solicitude.

Non procederá en ningún caso a renuncia na oportunidade de recuperación.

Non terá efectos a renuncia a unha convocatoria unha vez realizada a totalidade da avaliación da materia. No caso de detectarse esta circunstancia procederase a eliminar a renuncia do expediente e a imputar a cualificación correspondente.

A renuncia non xerará dereitos de devolución de prezos públicos.

14.2.1 Renuncia voluntaria

O alumnado poderá renunciar á convocatoria de avaliación sen necesidade de xustificar causa ningunha mediante o procedemento telemático establecido na Secretaría Virtual. Realizada a solicitude, anotarase tal circunstancia no expediente do alumno.

Non se autorizará a renuncia voluntaria para:

Materias de intercambio recollidas nos contratos ou compromisos de estudos
Materias de prácticas ou practicum unha vez adxudicadas as prazas
Materias acollidas ao réxime de apoio titorial extraordinario

A renuncia debe efectuarse nos prazos establecidos no **Anexo I** en función das datas establecidas na programación académica para a docencia das materias, sen que sexa posible renunciar unicamente para a segunda oportunidade.

14.2.2 Renuncias por causa de forza maior

As solicitudes de renuncia por causas de forza maior deberán estar debidamente xustificadas e acreditadas. A ausencia de acreditación determinará o seu rexeitamento.

Na instrución do expediente poderá solicitarse calquera informe que se estime oportuno.

A resolución que finalice o expediente admitirá ou denegará a solicitude de renuncia de forma motivada.

Admitida a renuncia por este motivo, modificarase o expediente e recollerase na avaliación como "renuncia" coa data de autorización.

No caso de que o alumno fora avaliado con anterioridade á renuncia conservaranse as actas de cualificación nas que figure o alumnado pero non terán efectos nin se imputarán as cualificacións no expediente.

14.2.3 Renuncia por non reunir os requisitos para a defensa dos Traballos Fin de Grao ou Fin de Máster.

O alumnado matriculado no Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster que non reúna os requisitos para a defensa do mesmo deberá renunciar expresamente nos prazos sinalados no **Anexo I**. De no facelo figurará no seu expediente académico a mención "non presentado".

15 CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

Co obxecto de finalizar anticipadamente os seus estudos, os alumnos de Grao e Máster a quen como máximo lles falte unha materia anual ou do segundo semestre e o Traballo Fin de Grao ou de Máster, poderán solicitar electronicamente a través da Secretaría Virtual, dentro do prazo fixado no Anexo I para as modificacións de matrícula do primeiro período, a inscrición para a realización da convocatoria extraordinaria de fin de carreira.

Tamén poderán solicitar concorrer a esta convocatoria os estudantes de plans en extinción sempre que a materia ou, polo menos unha das materias equivalentes do grao, sexa do segundo semestre ou anual. Estes alumnos poden solicitar a inscrición nesta convocatoria nos seguintes casos:

- Aos que lles quede unha materia extinta para terminar os estudos e que esta sexa susceptible de ser superada por materias equivalentes no grao segundo dispón o artigo 13 do Regulamento de Avaliación (DOG 21 de xullo de 2011)
- Os estudantes que estean matriculados, ademais da materia que quede para terminar susceptible de ser superada por equivalentes no Grao, de contidos prácticos (prácticas externas, etc.) ou de actividades á marxe do plan de estudos (programa de titores, etc.) sempre que sexan ECTS que serán utilizados ou necesarios para completar os estudos.

Para os que este sexa o primeiro ano no que se lles autoriza a superar a materia pendente por equivalentes do Grao non se esixe ter sido cualificado con suspenso.

Aos alumnos de plans en extinción, unha vez comprobado que cumpren os requisitos esixidos notificaráselles a aceptación da súa inscrición a través da Secretaría Virtual.

Exclúense desta convocatoria as materias prácticas, prácticum das titulacións, os Traballos de Fin de Grao / Máster, e as materias asimilables a estas.

No caso dos estudantes de Grao e Máster as actas serán asinadas polo profesor responsable da Materia. No caso dos alumnos de plans en extinción tamén poderá ser o profesor da materia ou ben outro designado polo Departamento.

As materias superadas nesta convocatoria imputaranse ao curso 2014-2015 coa referencia "Fin de Carreira" e a cualificación obtida, ou a media no caso de que se superen varias materias equivalentes.

Os estudantes que non superen a convocatoria Fin de Carreira non poderán concorrer á primeira oportunidade da convocatoria ordinaria, só poderán presentarse no mesmo curso á oportunidade de

recuperación, salvo que non se presenten, nese caso poderán concorrer ás dúas oportunidades da convocatoria ordinaria.

A inscrición na convocatoria Fin de Carreira non devindicará novas taxas ou prezos públicos de matrícula.

II. ESTUDOS DE GRAO

16 INICIO DE ESTUDOS EN TITULACIÓNS DE GRAO

Para iniciar estudos en titulacións de grao o alumno interesado deberá facer a preinscrición nos prazos e polo procedemento establecidos pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Unha vez autorizado, poderá formalizar matrícula o alumno que estea habilitado por ter superadas as probas de aptitude para o acceso á universidade ou posuír algún dos títulos ou probas recollidos no **Anexo III.**

Os alumnos procedentes de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea, ou doutros estados cos que se asinaron acordos internacionais aplicables a este respecto en réxime de reciprocidade, que reúnan os requisitos esixidos no seu sistema educativo para acceder á universidade, poderán iniciar estudos na USC nas mesmas condicións que os alumnos españois. Para estes efectos, deberán presentar a correspondente credencial expedida pola UNED.

Os diplomados, mestres, enxeñeiros técnicos, arquitectos técnicos ou quen posúa titulacións equivalentes de plans extinguidos poderán matricularse nos ensinos de grao. No entanto, nas ensinanzas de grao en que se oferte un curso complementario (curso ponte) para obter as competencias que proporciona o título oficial de grao polos titulados de plans anteriores, unicamente poderán solicitar a súa admisión por esta vía, e non poderán solicitar praza polo sistema común para inicio de estudos en titulacións con límite de prazas (preinscrición) no grao que substitúa á titulación xa cursada. Esta limitación tamén se aplicará aos alumnos que reunindo os requisitos para solicitar a expedición do título aínda non o fixeron. En caso de incumprimento desta limitación, procederase a anular a matrícula realizada no primeiro curso e convocarase, de ser posible, ao seguinte alumno na listaxe de agarda.

17 ADMISIÓN E MATRÍCULA EN CURSOS COMPLEMENTARIOS ("CURSOS PONTE")

Nos cursos complementarios para obter o título oficial de grao con límite de prazas deberá solicitarse previamente a admisión a través da Secretaría Virtual da USC.

As prazas adxudicaranse por nota media de expediente ata cubrir a cota de prazas ofertadas para cada titulación de acceso.

En cada unha das convocatorias que se recollen no **Anexo I**, publicada a adxudicación de prazas, os alumnos admitidos que non se matriculen no prazo establecido, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada convocándose ao seguinte alumno da listaxe de agarda.

Os alumnos matriculados nos cursos complementarios considerаranse alumnos da titulación de Grao correspondente, aínda que a súa matrícula está limitada ás materias que forman o curso complementario concreto. Non obstante, os alumnos de cursos ponte poderán solicitar autorización para matricularse noutras materias optativas. As peticións resolveranse individualmente considerando, en primeiro lugar, as competencias esixidas para cursar as materias e en ningún caso formarán parte das materias que se considerarán para o cálculo da súa media de expediente

Os alumnos admitidos procedentes doutras universidades deberán solicitar a determinación das materias que deben cursar para completar os estudos de grao no momento de formalizar a matrícula.

18 MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN EN ESTUDOS DE GRAO

18.1 ALUMNADO DA USC

Os que cursan estudos nun plan en proceso de extinción poderán optar entre continuar polo plan que cursan, agás que non teñan posibilidade de matricularse nalgunha materia do seu plan de estudos, ou adaptarse aos novos estudos de grao que substitúen ao plan que están a cursar.

Imposibilidade de nova inscrición no primeiro ano

O alumnado que inicia estudos nunha titulación deberá superar como mínimo unha materia de formación básica ou obrigatoria no primeiro curso. A estes efectos enténdense superadas as materias recoñecidas.

De non superala, admitirase de novo a matrícula no seguinte curso debendo superar este segundo ano un mínimo de 30 ECTS entre os de formación básica ou obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo ou 15 no caso de que se acollera á modalidade de matrícula a tempo parcial.

No caso de que non supere os mínimos fixados para o segundo ano de matrícula non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Santiago de Compostela nos cinco cursos académicos seguintes salvo nos casos contemplados na Instrución 1/2013 da Secretaría Xeral desta Universidade.

18.2 ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS UNIVERSIDADES

O alumnado que iniciara estudos de grao noutra universidade poderá solicitar continuar os mesmos estudos na USC. Non se admitirán solicitudes para continuar estudos en proceso de extinción de alumnos que xa se matricularan anteriormente en estudos de grao.

Os alumnos admitidos e que soliciten adaptación ou recoñecemento dos estudos superados noutra universidade deberán realizar unha matrícula provisional. Despois de que se dite a resolución de adaptación ou recoñecemento procederán a formalizar a matrícula definitiva no prazo que determine a resolución pola que se comunica o resultado da súa petición.

As cualificacións esixidas para continuar estudos en titulacións con límite de prazas para alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa inclúense como **Anexo V.**

Titulacións con cota para traslados.

Nas titulacións con cota para traslados, as prazas asignaranse segundo o establecido no Acordo do Consello de Goberno de 27 de maio de 2010. Os interesados deberán cubrir o formulario de solicitude a través da secretaría virtual no prazo establecido no **Anexo I** desta convocatoria

Publicada a adxudicación de prazas, os alumnos admitidos que non se matriculen no prazo establecido na resolución de admisión, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada convocándose ao seguinte alumno da listaxe de agarda.

As cualificacións esixibles para continuar estudos en titulacións con límite de prazas para alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, inclúense no **Anexo V.**

18.3 ALUMNOS DE INTERCAMBIO

O alumnado deberá matricularse de todas as materias incluídas no compromiso de estudos. Neste compromiso poderanse incluír materias suspensas co límite dunha materia suspensa por cada curso no que o alumno estivo matriculado. Do resto de materias suspensas non estará obrigado a matricularse, excepto no caso de que o intercambio sexa dun semestre. Neste último suposto, deberá matricularse das materias suspensas do período no que non realiza o intercambio. Exceptúanse do deber de matrícula indicado os traballos de fin de grao ou máster e as prácticas cando non poidan cursarse na universidade de destino.

Os alumnos acollidos ao programa de intercambio SICUE non poderán incluír no compromiso de estudos materias suspensas.

Os límites de matrícula aplícanse ao período de intercambio todo o curso ou un semestre de forma que, neste último caso, o alumno poderá formalizar matrícula na USC no outro semestre do curso sen exceder o límite de 75 ECTS no conxunto da matrícula do curso. Para o cómputo deste límite non se terán en conta os ECTS correspondentes ao Traballo Fin de Grao ou Máster.

18.4 ALUMNOS QUE CURSARON ESTUDOS NESTA UNIVERSIDADE E TRASLADARON O SEU EXPEDIENTE PARA INICIAR ESTUDOS DISTINTOS NOUTRA UNIVERSIDADE

Os alumnos que iniciaron estudos nesta universidade e trasladaron o seu expediente para cursar estudos distintos noutra universidade poderán solicitar a admisión para continuar os mesmos estudos xa iniciados nesta universidade sen que se esixa ningún requisito, aínda que a titulación teña límite ou cota de prazas para traslados, sempre que non incorran nalgún impedimento dos establecidos nas normas de permanencia para continuar estes estudos.

18.5 CONTINUACIÓN DE ESTUDOS POR VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS ESTRANXEIROS

Os alumnos procedentes de universidades estranxeiras que pretendan continuar os mesmos estudos nesta universidade deberán solicitar o recoñecemento parcial de estudos conforme criterios de admisión, procedemento, prazos e requisitos establecidos no Acordo do Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2014 polo que se aproba o Protocolo de Recoñecementos. Conforme ao establecido poderán solicitar anticipadamente o ingreso nas ensinanzas oficiais de Grao para cursar estudos no curso 2015-16, os alumnos con estudos procedentes de sistemas educativos estranxeiros nas titulacións que teñan prazas reservadas para este colectivo no prazo fixado no ANEXO I.

No caso de que nas titulacións ofertadas non se cubran todas as prazas coas solicitudes do primeiro prazo, abrirase un novo prazo para cubrir as vacantes nos prazos indicados tamén no **Anexo I.**

19 DESCENTRALIZACIÓN DA DOCENCIA CLÍNICA DA FACULTADE DE MEDICINA

A docencia clínica de materias da Facultade de Medicina e a distribución do alumnado nos centros e unidades asistenciais do sistema sanitario galego, regularase por unha resolución específica na que se indicarán os criterios de adscrición e o procedemento de repartición de alumnos.

20 ESTANCIAS DO GRAO EN FARMACIA

Os alumnos que cursen estudos conducentes ao Grao en Farmacia poderán solicitar a realización das Estancias (Prácticas Tuteladas) correspondentes ao período de febreiro a xullo de 2015.

Os alumnos do Grao para solicitar a realización das Estancias ou Prácticas Tuteladas deberán ter superados como mínimo 243 ECTS correspondentes ás materias de Formación básica e Obrigatorias, tal e como aparece recollido na memoria do título verificada.

Os alumnos elixirán a oficina de farmacia ou hospital onde desexan realizar as prácticas seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, e tendo preferencia os que teñan unha nota media de expediente académico máis alta.

As datas de solicitude e o lugar para a elección de farmacia serán establecidas polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios e páxina Web da Facultade.

A matrícula realizarase nos 3 días seguintes ao de asignación da praza. Non obstante, os alumnos que soliciten algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para finalizar os estudos, poderán realizar unha matrícula condicionada no período ordinario de matrícula (entendendo como matrícula condicionada, que soamente poderán realizar as Prácticas Tuteladas se cumpren os requisitos esixidos).

21 ESTANCIAS DO GRAO EN VETERINARIA

As actividades que conforman as Prácticas tuteladas do Grao en Veterinaria rexeranse polos regulamentos específicos aprobados pola Facultade de Veterinaria por Acordo do 15 de maio de 2014, debendo os interesados preinscribirse conforme ás convocatorias que publica a Facultade e matricularse nos prazos ordinarios de matrícula fixados no Anexo I.

Estancias clínicas externas.- 10 ECTS

Rotatorio clínico hospitalario.- 5 ECTS

Estancias non clínicas.- 9 ECTS

Para poder formalizar matrícula en calquera das actividades que conformas as prácticas tuteladas o alumno non poderá ter máis de 75 ECTS pendentes de superar para a obtención do título, incluídos os propios das prácticas tuteladas (rotatorio e estancias clínicas e non clínicas).

Estas actividades considéranse actividades a tempo completo polo que son incompatibles coa docencia presencial noutras materias do Grao, agás coas outras actividades de Prácticas Tuteladas ou do Traballo Fin de Grao

22 MATRÍCULA NAS PRÁCTICAS TUTELADAS DO GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

Os alumnos do Grao en Óptica e Optometría que procedentes da D. en Óptica e Optometría teñan materias sen superar do tres primeiros cursos do Grao e desexen matricularse nas Prácticas Tuteladas non poderán ter máis de 12 ECTS sen superar dos totais da titulación exceptuando o Traballo Fin de Grao e as propias Prácticas Tuteladas.

23 INSCRICIÓN NOS GRUPOS DE DOCENCIA EN LINGUA INGLESA.

Para a inscrición nos grupos con docencia en lingua inglesa, nas materias nas que se oferta dita docencia, os alumnos deberán indicalo na súa solicitude de matrícula.

Os alumnos matriculados poderán solicitar o cambio de grupo nos prazos e mediante o procedemento que establecera o centro respectivo

24 REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS

Segundo o establecido na correspondente resolución do Ministerio, para a homologación dun título estranxeiro o alumnado poderá formalizar matrícula nalgunha das seguintes actividades académicas:

- Proba de aptitude
- Período de prácticas
- Proxecto ou traballo
- Cursos tutelados

Cando a resolución permita máis dunha opción, será o alumno o que opte libremente. Esta opción pode modificarse nos cursos seguintes manténdose o prazo máximo que dispón a normativa de homologación de títulos estranxeiros para a superación dos requisitos formativos complementarios.

A inscrición para a realización dos requisitos formativos complementarios e a súa correspondente avaliación en calquera das opcións, poderán admitirse ata o curso en que se extinga totalmente a titulación correspondente, e devindicará os prezos correspondentes establecidos no Decreto da Xunta de Galicia.

24.1 PROBA DE APTITUDE

O procedemento e os prazos serán os establecidos para a proba de conxunto no **Anexo I.**

24.2 PRÁCTICAS, PROXECTO OU TRABALLO E CURSOS TUTELADOS

Os interesados deberán presentar a solicitude na Unidade de Xestión Académica correspondente que lle dará traslado ao Servizo de Xestión Académica, para que, despois do informe do centro resolva sobre a súa admisión. Na resolución de admisión indicaranse os trámites que terá que realizar en función da opción elixida e daráselle prazo para formalizar a matrícula na Unidade de Xestión Académica.

A solicitude deberá presentarse dentro do período ordinario de matrícula, agás que a resolución ministerial sexa posterior. Neste caso, só se poderá solicitar realizar os cursos tutelados que se oferten no segundo semestre debendo matricularse dos cursos tutelados correspondentes ao primeiro semestre ou anuais no primeiro período do curso inmediatamente seguinte. A realización das prácticas ou do proxecto ou traballo poderá solicitarse en calquera momento.

Da resolución de admisión darase traslado ao centro para que adopte as medidas necesarias, nomee ao titor, ao director ou ao tribunal que corresponda segundo a opción elixida polo alumno.

No caso de que o alumno deba inscribirse en cursos tutelados cun contido maior de 60 créditos, permitiráselle cursalos e fraccionar a matrícula en dous cursos consecutivos.

Formalizada a matrícula, a Unidade de Xestión Académica remitirá ao centro a documentación necesaria para a avaliación do alumno así como a anotación no seu expediente do resultado desta.

Superados integramente os requisitos formativos complementarios previos á homologación procederase, a pedimento do interesado, a expedir a certificación acreditativa dos resultados.

A expedición da certificación acreditativa pon fin ao procedemento, correspondéndolle ao alumno a súa acreditación ante o Ministerio.

Os alumnos matriculados en cursos tutelados terán dereito a dúas oportunidades de avaliación durante o curso.

Os alumnos que non superaron completamente os requisitos formativos en cursos anteriores para matricularse deberán presentar unha nova solicitude e volver liquidar as tarifas correspondentes. Neste caso conservaranse as cualificacións nas materias superadas.

III. ESTUDOS DE MÁSTER

A admisión e matrícula nos estudos de Máster oficial está condicionada á efectiva impartición dos mesmos en función da autorización da Comunidade Autónoma e do cumprimento dos requisitos que esta estableza.

25 INICIO DE ESTUDOS

Para formalizar matrícula nas ensinanzas de máster universitario oficial os alumnos deben reunir os requisitos xerais de acceso recollidos no artigo 16 do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro de 2007 (BOE nº 260 do 30 de outubro) e estar habilitados por posuír algún dos títulos establecidos no **Anexo III**.

No **Anexo IV** recóllese a oferta de prazas de inicio de cada Máster e os requisitos concretos que deben reunir os alumnos para matricularse. Os criterios de selección, xerais ou específicos, non constitúen requisitos de acceso de forma que, se o número de solicitantes é inferior ao de prazas ofertadas, autorizarase a matrícula dos que reúnan os requisitos académicos ata cubrir as prazas ofertadas.

As prazas reservadas para alumnos que se matriculen en setembro, (nos máster nos que se fixara tal reserva de prazas), adxudicaranse por estrita orde de matrícula entre os alumnos que reúnan os requisitos, independentemente do proceso de selección que se utilizase para a adxudicación do resto de prazas (matrícula directa, criterios xerais ou criterios específicos).

25.1 MATRÍCULA EN MÁSTER CON MATRÍCULA DIRECTA

Para iniciar estudos nun máster con matrícula directa, os alumnos deberán cubrir os datos correspondentes na Secretaría Virtual no prazo establecido no apartado **B1** do **Anexo I,** declarando a titulación pola que accede.

Finalizado o prazo de matrícula, de existir vacantes abriríase un novo prazo de matrícula nas datas sinaladas no apartado **B2** do **Anexo I.**

25.2 MÁSTER CON CRITERIOS XERAIS DE SELECCIÓN

Solicitude

Os alumnos que pretendan cursar algún dos máster oficiais con límite de prazas nos que se apliquen criterios xerais de selección deberán cubrir a solicitude na Secretaría Virtual no prazo establecido no apartado **B3** do **Anexo I** declarando os datos do seu expediente académico correspondente á titulación universitaria que lle dá acceso.

Os alumnos procedentes de sistemas educativos do EEES deberán adxuntar á solicitude, ademais, a acreditación da nota media do seu expediente expedida pola *Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (*ANECA) a través do servizo que ten activo na dirección electrónica https://notasmedias.aneca.es/home.

Adxudicación de prazas

Finalizado o prazo de solicitude, no caso de que o número de solicitantes non exceda dun 15% do número de prazas ofertadas asignarase praza a todos os solicitantes que reúnan os requisitos.

Nos máster nos que sexa necesario realizar o proceso para a adxudicación de prazas teranse en conta as cotas de reserva de prazas que se establecen no **Anexo IV**, as prelacións segundo as titulacións de orixe e a valoración do expediente académico. As solicitudes ordenaranse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións coa mesma orde de prelación segundo a nota media do expediente académico. Nos máster nos que existen grupos de ingreso e que unha vez adxudicadas as prazas dun determinado grupo resultasen prazas vacantes, estas acumularanse ao resto dos grupos.

Matrícula

Publicadas as listaxes de admitidos e de agarda, os alumnos admitidos deberán formalizar a matrícula no prazo fixado no apartado **B5** do **Anexo I**. De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

- Nos máster que non teñan listaxe de agarda, por ter menos solicitudes que prazas, o alumnado sen solicitude previa, poderá matricularse por orde de inscrición no prazo de vacantes disposto no apartado **B7** do **Anexo I**.
- Naqueles Máster con listaxe de agarda nos que non se matriculasen todos os alumnos admitidos, as prazas vacantes asignaranse entre os alumnos da listaxe de agarda por orde de matrícula no prazo establecido no apartado B6 do Anexo I, ata completar o número total de prazas ofertadas. Se rematado este prazo quedaran vacantes, o alumnado sen solicitude previa poderá matricularse por orde de inscrición ata que se cubran as prazas ou ata o fin do prazo de vacantes disposto no apartado **B7** do **Anexo I**.

25.3 MÁSTER CON CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN

Nos máster nos que se establezan criterios específicos de selección (experiencia profesional, acreditar a competencia en determinada área ou calquera outra que non se axuste aos criterios xerais) a Comisión Académica do máster será quen, inicialmente, seleccione ao alumnado. Para estes efectos ademais dos documentos establecidos con carácter xeral, no Anexo IV publícanse os criterios de selección.

Para solicitar a admisión o alumnado deberá cubrir os datos na Secretaría Virtual no prazo establecido no apartado **B8** no **Anexo I.** A documentación acreditativa dos méritos para a valoración dos criterios específicos deberá adxuntarse electrónicamente á solicitude.

Entenderase que os alumnos que non envíen ningunha documentación desexan ser valorados unicamente polo expediente académico do que dispón a USC, ou polo declarado na solicitude.

Naqueles Máster con menos solicitudes que prazas, admitirase a todos os alumnos que fixeran a solicitude e cumpran os requisitos de admisión sen ter en conta os criterios de selección.

Matrícula

Publicadas as listaxes de admitidos e de agarda, os alumnos admitidos deberán formalizar a matrícula no prazo fixado no Anexo I. De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

- Nos máster que non teñan listaxe de agarda, por ter menos solicitudes que prazas, o alumnado sen solicitude previa, poderá matricularse por orde de inscrición no prazo de vacantes disposto no apartado **B11** do **Anexo I**.

- Naqueles Máster con listaxe de agarda nos que non se matriculasen todos os alumnos admitidos, as prazas vacantes asignaranse por chamamento individual, entre os alumnos da listaxe de agarda seguindo a estrita orde da listaxe, ata completar o número total de prazas ofertadas. Se rematado este prazo quedaran vacantes, o alumnado sen solicitude previa poderá matricularse por orde de inscrición ata que se cubran as prazas ou ata o fin do prazo de vacantes disposto no apartado **B11** do **Anexo I**.

26 MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE IDIOMAS.

Poderá solicitar a admisión ao Máster en Profesorado de Ed. Secundaria Obrigatoria e Bach., F.P. e Ensinanzas de Idiomas quen reúna os requisitos xerais de acceso aos estudos de máster coas seguintes particularidades:

- Os titulados por sistemas de educación doutros países terán acceso ao máster só no caso de que homologasen o seu título a un dos títulos oficiais españois no momento de finalización do prazo de preinscrición.
- Os alumnos procedentes de sistemas educativos estranxeiros co título de acceso homologado deberán presentar acreditación da nota media do seu expediente expedida pola *Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación* (ANECA) a través do servizo que ten activo na dirección electrónica http://notasmedias.aneca.es/home.
- Os solicitantes deberán acreditar o dominio das competencias relativas á especialización que se desexe cursar, mediante a posesión da titulación adecuada á especialidade (**Anexo IV**).
- Os alumnos deben acreditar o nivel B1 de competencias lingüísticas dunha lingua estranxeira de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, segundo a Recomendación Nº R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros de 17 de outubro de 2000. Esta acreditación deberá realizarse no prazo de formalización da matrícula polo interesado.

Mediante Resolución reitoral específica regularase o procedemento de solicitude de praza e os criterios de adxudicación.

27 MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

Aos estudos de Máster Universitario en Avogacía aplicaráselles o establecido na memoria do plan de estudos correspondente, nos convenios cos Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Lugo, na normativa de desenvolvemento que se dite e, subsidiariamente, o disposto na presente resolución.

28 ALUMNOS DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS DE INTERCAMBIO

Os alumnos da USC seleccionados para cursar parcialmente estudos dun máster noutra universidade en virtude dun convenio ou programa de intercambio interuniversitario, e previo informe favorable

do coordinador do máster, non estarán sometidos aos procedementos de admisión e poderán matricularse, sempre que reúnan os requisitos académicos para acceder a estes estudos, nos prazos comúns que se establecen nesta convocatoria. As prazas que se adxudiquen por este procedemento non se computarán entre as ofertadas no máster con carácter xeral.

Os alumnos doutros países que foron seleccionados para cursar estudos de máster nesta universidade e que os cursen dentro do programa Erasmus Mundus poderán matricularse nos prazos comúns que se establecen nesta convocatoria sen que se requira a admisión previa regulada no apartado **25** desta convocatoria. As prazas que se adxudiquen por este procedemento serán independentes das ofertadas no máster para titulados procedentes de sistemas educativos doutros países.

Os alumnos dos Máster Erasmus Mundus nos que a USC participa rexeranse polas súas normas, prazos e convenios específicos sen que lles sexa aplicable a eles o disposto neste apartado.

29 INICIO DE ESTUDOS DE TITULADOS PROCEDENTES DE SISTEMAS EDUCATIVOS DOUTROS PAÍSES

Nos máster nos que existan prazas reservadas para alumnos con estudos estranxeiros de acceso alleos ao EEES, a admisión e matrícula nas devanditas prazas réxese pola convocatoria anticipada publicada por resolución de 15 xaneiro de 2014 coas especificidades respecto da modificación de matrícula e prezos públicos que para eles se recollen nos apartados correspondentes.

Os alumnos con estudos estranxeiros de acceso de países pertencentes ao EEES ou alleos a este, poderán concorrer ao proceso xeral de asignación de prazas regulado nesta convocatoria nas mesmas condicións que o resto de alumnos debendo presentar acreditación da nota media do seu expediente expedida pola *Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación* (ANECA) a través do servizo que ten activo na dirección electrónica http://notasmedias.aneca.es/home.

Para os efectos de ingreso nos máster da USC, os alumnos procedentes de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) non terán que homologar o seu título de acceso e só deberán acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de máster no seu país de orixe. O resto de alumnos con estudos estranxeiros deberá estar en posesión dun título homologado ou solicitar o recoñecemento da equivalencia dos seus estudos a efectos de ingreso en titulacións de Máster.

A admisión e a matrícula terán carácter provisional, condicionadas á concesión da equivalencia da titulación de acceso de conformidade co disposto no artigo 16.2 do Real decreto 1393/2007, así como ao cumprimento dos requisitos específicos que se establecen para cada Máster. Para o recoñecemento de equivalencia deberán presentar antes de que finalice o prazo de matrícula a correspondente solicitude no Servizo de Xestión Académica, xunto cos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos e, no seu caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

A resolución desestimatoria da equivalencia de estudos estranxeiros cursados para o ingreso nos máster oficiais suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula. Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no máster concreto.

MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA DE ALUMNOS QUE INICIAN ESTUDOS A TRAVÉS DA CONVOCATORIA ANTICIPADA

Os alumnos matriculados na convocatoria anticipada poderán modificar a súa matrícula durante o período ordinario de acordo coa orientación que reciban do propio máster sen que lles sexan de aplicación os límites para a modificación de matrícula recollidos no artigo 10 desta convocatoria para as modificacións do primeiro período.

30 CRÉDITOS DE FORMACIÓN ADICIONAL

Se no máster se establecesen créditos de formación adicional a matrícula destes realizarase conxuntamente coa das demais materias, de acordo ás seguintes normas:

- Os alumnos que inicien estudos poderán matricularse nos créditos de formación adicional que desexen.

- Os alumnos que se matriculen no segundo curso do máster, deberán matricularse en todos os créditos de formación adicional que teñan pendentes.

- Os alumnos que se matriculen a tempo parcial poderán matricularse, ademais dos 30 ECTS nos que deben matricularse obrigatoriamente, nos créditos de formación adicional.

O límite máximo de créditos na matrícula será 75 ECTS sen contar os créditos correspondentes ao TFM.

31 TITULACIÓNS CONXUNTAS

Nos Máster Interuniversitarios os alumnos poderán solicitar simultaneamente praza en cada unha das universidades, pero só poderán matricularse definitivamente nunha universidade. Os alumnos matriculados aos que se lles adxudicou praza noutra universidade poderán anular a súa matrícula no prazo xeral de anulación que se indica nesta convocatoria.

Os alumnos de titulacións conxuntas formalizarán a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matriculen.

A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar nas distintas institucións. Para estes efectos, deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretenda cursar noutra ou noutras universidades.

Os alumnos matriculados noutra universidade que cursen titulacións conxuntas nas que participa a USC, e a partir da comunicación oficial da Universidade onde estean matriculados, serán dados de alta no sistema informático e terán os dereitos que se establezan.

ALUMNADO DE CONTINUACIÓN EN TITULACIÓNS CONXUNTAS

O prazo de matrícula será o establecido para a matrícula de continuación de estudos nos máster universitarios.

En ningún caso, poderá cursar materias suspensas noutra universidade, nin estar matriculado simultaneamente en máis dunha universidade.

IV.NORMAS ESPECÍFICAS PARA TITULACIÓNS CONFORME AO R.D. 1497/1987 (Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo)

32 CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

Só se poderá admitir ao alumnado para continuar estudos cando as materias nas que pretenda formalizar matrícula teñan docencia por non terse extinguido o curso ou estivesen no período transitorio de dous anos seguintes á extinción (materias sen docencia, só con dereito a exame).

Os alumnos de plans de estudo en proceso de extinción poderán optar entre continuar os seus estudos polo plan en extinción ou adaptarse aos novos estudos de grao que substitúen á titulación que cursan en aplicación do disposto no Acordo do Consello de Goberno do 14 de maio de 2009, aínda que os seus estudos de acceso non estean entre os regulados no Real decreto 1892/2008, de 14 de novembro, para o acceso aos estudos de grao.

Os alumnos que iniciasen estudos nunha titulación que se imparta nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo poderán solicitar continuar os mesmos estudos noutra localidade distinta a aquela en que iniciaron os seus estudos nos termos previstos no artigo 33 das Normas de Xestión Académica. Os que cursan estudos nun plan en proceso de extinción poderán optar entre continuar polo plan que cursan, agás que teñan pendente de superar materias xa completamente extinguidas (sen dereito a exame), ou adaptarse aos novos estudos de grao que substitúen ao plan que están a cursar.

32.1 ALUMNADO DA USC QUE ESTEA EN CONDICIÓNS DE ACOLLERSE AO DISPOSTO NO ARTIGO 13 DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDANTES

De conformidade co disposto no artigo 13 do Acordo de Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 e co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos plans en proceso de extinción, os alumnos que teñan pendentes de superar materias extinguidas poderán solicitar durante o primeiro período ordinario de matrícula cursalas en materias do grao.

Deste xeito, en tanto non se extinga totalmente o plan de estudos e á vista do expediente do alumno e dos informes dos centros, poderase autorizar a realización de ata un máximo de 3 materias ou 18 ECTS polo plan de estudos de grao para ser imputadas ao plan en proceso de extinción. Para a interpretación deste límite poderá entenderse tanto como o máximo das materias e créditos de orixe (materias pendentes dos plans vellos) como das de destino (máximo de materias a cursar polo grao).

O alumnado poderá facer uso desta facultade nunha ou varias ocasións, pero respectando sempre o límite máximo de 18 ECTS ou tres materias.

No caso de que o estudante teña materias extinguidas e non estea en condicións de acollerse ao citado precepto poderá seguir matriculándose nas materias do seu plan de orixe, con docencia ou sen docencia, sempre que figuren como matriculables e que o plan de estudos o permita.

Cando soliciten acollerse ao establecido no indicado artigo 13 e, en consecuencia, cursalas en materias de grao se a resolución é desestimatoria por superar os 18 ECTS ou 3 materias ou non

existan materias equivalentes no grao, poderán adaptarse ao grao ou solicitar a adaptación un curso posterior sempre antes de que se extinga a titulación.

32.2 ADMISIÓN PARA CONTINUAR ESTUDOS EN TITULACIÓNS SEN LÍMITE DE PRAZAS

Para continuar os estudos en titulacións sen límite de prazas xa iniciados noutra universidade as solicitudes presentaranse a través da Secretaría Virtual declarando os datos académicos de acceso e, de ser o caso, os estudos universitarios cursados. A estes efectos considéranse titulacións sen límite de prazas aquelas nas que o último curso con docencia en primeiro non tiveron límite.

Nestas titulacións esixirase o cumprimento dos requisitos de admisión que se establecen nas Normas de Xestión Académica.

32.3 ADMISIÓN PARA CONTINUAR ESTUDOS EN TITULACIÓNS CON LÍMITE E CON COTA DE PRAZAS

As prazas asignaranse entre os solicitantes segundo o procedemento recollido no Acordo do Consello de Goberno de 27 de maio de 2010. Para estes efectos, os interesados deberán cubrir o formulario de solicitude a través da Secretaría Virtual no prazo establecido no **Anexo I**.

Os alumnos admitidos que non se matriculen no prazo indicado na resolución de admisión, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada, e convocarase ao seguinte alumno por orde da listaxe de agarda.

As cualificacións esixibles para continuar estudos en titulacións con límite de prazas para alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, inclúense no **Anexo V.**

32.4 MATRÍCULA DOS ALUMNOS ADMITIDOS PARA CONTINUAR ESTUDOS INICIADOS NOUTRA UNIVERSIDADE

Os alumnos admitidos que soliciten adaptación ou recoñecemento dos estudos superados noutra universidade, deberán realizar unha matrícula provisional. Despois de que se dite a resolución de adaptación ou recoñecemento, procederán a formalizar a matrícula definitiva, no prazo que se determine na resolución.

32.5 PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

Os alumnos de plans anteriores ao Real decreto 1393/2007 no compromiso de estudos ou acordo académico non poderán incluír as materias cualificadas con “suspenso”. Destas materias poderanse examinar na USC, sempre que formalizasen a súa matrícula no prazo ordinario conforme ao disposto no Regulamento de Intercambios.

33 ESTANCIAS (PRÁCTICAS TUTELADAS) DA LICENCIATURA EN FARMACIA

Os alumnos que cursen estudos conducentes á Licenciatura en Farmacia poderán solicitar a realización das “Estancias” (prácticas tuteladas) correspondentes tanto ao primeiro período, de setembro de 2014 a febreiro de 2015, como ao segundo período, de febreiro a xullo de 2015**.**

Excepcionalmente, tamén poderán solicitar a realización das prácticas os/as licenciados/as polo plan de 1973 formalizando a súa matrícula como extraordinaria, a condición de que existan vacantes tras a adxudicación de prazas aos alumnos do plan en extinción. Os que superen as prácticas poderán

solicitar a certificación acreditativa da súa realización, pero non dará lugar á expedición dun novo título nin á modificación do existente.

Os alumnos dos plans de estudo de 1999 para solicitar a realización das estancias ou prácticas tuteladas deberán ter superados como mínimo 285 créditos, tendo en conta soamente os créditos que sexan computables para completar os estudos, non os créditos superados a maiores dos necesarios.

Os alumnos do plan en extinción elixirán a oficina de farmacia ou hospital onde desexan realizar as prácticas en función da nota media do seu expediente académico, escollendo en primeiro lugar os alumnos con puntuación máis alta.

Os licenciados do plan de estudos de 1973 elixirán a oficina de farmacia ou hospital onde desexan realizar as prácticas despois de que o fagan os alumnos do plan de 1999 seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, e tendo preferencia os que teñan unha nota media de expediente académico máis alta.

As datas de solicitude son as que figuran no **Anexo I** e o lugar para a elección de farmacia será establecido polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como a relación de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

A matrícula realizarase nos 3 días seguintes ao de asignación da praza. Non obstante, os alumnos do plan de estudos de 1999 que reúnan os requisitos poderán matricularse nas Estancias no período ordinario de matrícula.

A matrícula nas "Estancias" reportará as tarifas correspondentes a 15 créditos, aplicándose a tarifa que se establece no Decreto polo que se aproban os prezos públicos e serán de aplicación os mesmos beneficios e exencións que para as demais materias da titulación.

34 ESTANCIAS DA LICENCIATURA EN VETERINARIA

Poderán matricularse nas "Estancias" os alumnos do plan do 2000 que teñan superados todos os créditos troncais dos 3 primeiros cursos (193 créditos).

A matrícula poderá formalizarse nos prazos ordinarios de matrícula ou de modificación de matrícula que figuran no **Anexo I.**

Para poder realizar as "Estancias" é imprescindible, ademais da matrícula, realizar a inscrición na Facultade. O Decanato da Facultade de Veterinaria publicará os prazos para a formalización da inscrición para cada quenda, a oferta de prazas, os criterios de selección e os períodos de realización das prácticas. Toda esta información figura, ademais, recollida no Regulamento das Estancias, aprobado en Xunta de Facultade e publicado nos taboleiros e na páxina web da Facultade. Os estudantes que non formalicen a inscrición decaerán no seu dereito a realizar as Estancias, aínda que estean matriculados das mesmas.

A Facultade poderá limitar o número de prazas por quenda, adxudicando as mesmas segundo os criterios de selección publicados. En todo caso, todos os estudantes que cumpran os requisitos, estean matriculados e fagan a oportuna inscrición, poderán realizar as "Estancias" durante o curso académico.

A matrícula dará dereito á realización dun único período de prácticas. De non superalas, o alumnado deberá matricularse de novo, e volver solicitar a praza, seguindo o mesmo procedemento descrito anteriormente.

Para cursar a materia no 2015-2016 (último curso académico na que se oferta) non será necesario ser repetidor.

35 CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA

35.1 TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS

Para as titulacións que así o teñan establecido no seu plan de estudos, os centros convocarán a proposta dos departamentos os Traballos Academicamente Dirixidos. As convocatorias, que poderán ser semestrais deberán remitirse ao Servizo de Xestión Académica.

O prazo de solicitudes será como mínimo de 10 días naturais nas datas concretas que se determinen nas convocatorias.

A selección dos alumnos deberá ser resolta nos 5 días seguintes ao prazo de solicitude, e comunicarase á Unidade de Xestión Académica a relación de alumnos admitidos, título do traballo, profesor ou profesores que dirixirán o traballo, número e tipo de créditos, e no caso de que así se estableza no plan de estudos, o itinerario ou orientación para o que se computa.

A matrícula realizarase nos períodos ordinarios establecidos nesta convocatoria.

35.2 LIBRE ELECCIÓN

35.2.1 Criterios xerais

As materias tanto específicas para libre configuración curricular como as pertencentes a titulacións oficiais teñen o límite de prazas que se establece na oferta académica.

Poderase formalizar matrícula en todas as materias sen necesidade de inscrición previa (preinscrición), indistintamente que sexan específicas ou non, de acordo co procedemento de xestión das listaxes que se indica na norma 35.2.2. A matrícula formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria nos prazos establecidos nesta convocatoria.

Todas as materias estarán sometidas aos requisitos, prelacións e exclusións que se determinan na oferta de materias específicas ou no plan de estudos ao que pertencen. Non se admitirá a matrícula nas materias que teñan prelación, agás que xa se teña superado a materia que fai prelación. Este impedimento non será de aplicación aos alumnos doutras universidades que cursen estudos nesta en virtude dun programa de intercambio, sempre que así figure no acordo académico ou compromiso de estudos.

Criterios específicos para as materias impartidas na Facultade de Filoloxía.-

Para poder matricular a materia *"Ampliación da Segunda Lingua..."* deberase ter superada a "Segunda *Lingua..."* correspondente.

Para poder matricular a materia *"Literatura da Segunda Lingua II"* deberase ter superada a "Segunda *Lingua I"* correspondente.

35.2.2 Procedemento de xestión das listaxes

Listaxes de ocupación: Os alumnos coñecerán o nivel de ocupación da materia solicitada a través da Secretaría Virtual en calquera momento. Cando a ocupación supere o 75% das prazas ofertadas faranse públicas as listaxes de matriculados clasificadas segundo a media do expediente. Estas listaxes actualizaranse diariamente e informarán das expectativas para conseguir a praza desexada.

Modificación da matrícula nas materias de libre elección: cando o alumno matriculado considere escasa ou nula a posibilidade de conseguir praza nas materias de libre elección da súa preferencia, poderá modificar a súa matrícula nas materias de libre elección durante o prazo de matrícula.

Terminado o período ordinario de matrícula, no primeiro período de modificación **de matrícula**, procederase do seguinte xeito:

Nas materias en que a demanda sexa **superior** á oferta de prazas, non se autorizará a ampliación de matrícula nesas materias, pero sí a anulación por parte dos alumnos matriculados.

Nas materias en que a demanda é **inferior** á oferta, autorizarase a modificación da matrícula (ampliación ou anulación) nestas materias ata cubrir as prazas ofertadas. Neste período, adxudicaranse as prazas por orde temporal de modificación da matrícula.

Asignación definitiva de prazas: Inmediatamente ao remate do prazo de modificación de matrícula, publicarase na páxina web http://www.usc.es/matrícula (sección de libre elección) a asignación das prazas, en función da media do expediente, naquelas materias onde a demanda fose superior á oferta, desestimando as solicitudes de matrícula que excedan o número de prazas ofertadas, e procedéndose de oficio á súa anulación. Os alumnos aos que non se lles conceda praza nalgunha materia poderán substituílas por outras nas que existan prazas vacantes no prazo establecido no **Anexo I** inmediatamente despois da publicación das listaxes. Esta modificación farase de maneira presencial na UXA correspondente.

Nas materias en que a demanda non supere en máis do 15% ás prazas ofertadas non se fará selección, adxudicándose a todos os alumnos matriculados, agás naquelas materias que polas súas características ou contido práctico non permitan un maior número de alumnos, e se indique expresamente na oferta de prazas.

Despois da asignación definitiva das prazas, non se autorizará a anulación da matrícula destas materias aos alumnos admitidos.

No segundo período de modificación de matrícula (**Anexo I**), só se ofertarán as materias do segundo semestre que tiveran prazas vacantes. A adxudicación das prazas será por orde temporal de modificación de matrícula ata cubrir as prazas ofertadas.

35.2.3 Imposibilidade de formalizar matrícula en materias de libre elección

Non se poderán matricular en materias de libre elección os alumnos que vaian cursar estudos noutra universidade no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario. Estes alumnos deberán matricularse nos créditos de libre elección, de acordo co disposto no regulamento de intercambios interuniversitarios.

35.2.4 Módulos Jean Monnet

A matrícula nos módulos Jean Monnet para o seu recoñecemento como créditos de libre elección deberá realizarse nos prazos establecidos no **Anexo I.**

O responsable académico deberá comunicar ao Servizo de Xestión Académica, o número de prazas ofertadas, e o período de realización da actividade.

As prazas adxudicaranse por orde de matrícula ata completar as ofertadas. No caso de que non se cubran todas as prazas, o responsable académico poderá propor unha ampliación do prazo de matrícula.

O prezo de matrícula será aprobado polo Consello Social. O responsable académico cubrirá as actas nos mesmos períodos que as da convocatoria ordinaria. Nestas figurarán os alumnos matriculados coas mencións de "apto" ou "non apto". Os alumnos que superen esta actividade non terán que aboar ningún importe polo seu recoñecemento, imputándose directamente ao seu expediente.

Poderá solicitarse a anulación da matrícula nestas actividades nos prazos fixados no Anexo I.

36 INSCRICIÓN NO GRAO DE LICENCIADO E MATRÍCULA NOS PROXECTOS OU TRABALLOS FIN DE CARREIRA

A inscrición para obter o grao de licenciado (Colación de Grao) e a matrícula nos traballos ou proxectos fin de carreira reportarán as tarifas que se determinan no Decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia e axustaranse aos prazos fixados no Anexo I.

Os alumnos que remataron os seus estudos no curso académico 2013-2014 nas titulacións extintas recollidas no Anexo VII, poderán presentar o Proxecto fin de Carreira ou a Colación do grao de licenciado nos prazos establecidos nos devanditos Anexos (Acordo de Consello de Goberno de 31 de xullo de 2013).

37 IMPEDIMENTOS DE MATRÍCULA

37.1 LIMITACIÓN DE CONVOCATORIAS POR MATERIA

Independentemente da normativa sobre o límite de convocatorias, no caso de que a un estudante lle resten para finalizar os estudos un máximo de 30 créditos poderá solicitar que non se lle aplique o límite de convocatorias.

37.2 MATERIAS SEN DOCENCIA

O alumnado que completou estudos destas titulacións non poderá matricularse en materias sen docencia, agás que sexa para completar unha orientación e xa tivera realizada a docencia en cursos anteriores. Neste caso deberán ser previamente autorizados.

Os alumnos doutras universidades que cursen estudos nesta universidade en virtude de programa ou convenio de intercambio non se poderán matricular en materias sen docencia, en ningún caso.

37.3 MATRÍCULA EN TITULACIÓNS EN PROCESO DE EXTINCIÓN

A salvo do disposto no Acordo do Consello de Goberno de 19 de xullo de 2011 ao que se refire o apartado 32.1 desta convocatoria, non procederá a matrícula en titulacións en proceso de extinción cando todas as materias pendentes estean xa extinguidas.

Os alumnos adaptados a un novo plan de estudos non poderán, en ningún caso, matricularse de materias do plan de orixe.

Tampouco poderán matricularse os alumnos que pretendan acollerse aos convenios entre universidades para cursar materias de plans extinguidos na súa universidade de orixe se as materias

están extinguidas nin poderán matricularse en materias sen docencia. Non obstante, poderán matricularse simultaneamente en materias con docencia do plan en proceso de extinción e en materias do novo plan de estudos.

37.4 IMPEDIMENTOS ESTABLECIDOS NOS PLANS DE ESTUDO

37.4.1 Prerrequisitos

Non se poderá formalizar matrícula nas materias que teñan establecidas materias prerrequisito, de non terse matriculado previa ou simultaneamente nestas últimas, ou de non superar previamente as devanditas materias no caso de que así se esixa no plan de estudos.

37.4.2 Prelacións e incompatibilidades

Poderá formalizarse matrícula nas materias que teñan prelación sempre que se teña superado a materia ou materias que fan prelación ou que simultaneamente se matricule destas materias, pero para superalas deberán superarse as materias prelación na mesma ou nunha convocatoria anterior. De non superar as materias prelación, o alumno figurará nas actas de exame da materia que ten a prelación coa mención "sen cualificar".

Non se poderá formalizar matrícula naquelas materias que polas súas características (prácticas clínicas, de laboratorio, etc.) se esixa ter superadas as materias prelación. Esta esixencia deberá figurar na oferta académica.

38 CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA FIN DE CARREIRA

Poderán concorrer a esta convocatoria os alumnos de titulacións de 1º e 2º ciclo aos que lles resten 40 créditos para concluír os seus estudos, aínda que non estiveran matriculados con anterioridade nestas materias ou créditos. Este requisito deberá entenderse só das materias ou créditos necesarios para obter a titulación.

A inscrición formalizarase da totalidade ou de parte das materias ou créditos que resten para finalizar os estudos e realizarase conxuntamente coa matrícula ou no primeiro prazo de modificación de matrícula. En ningún caso procederá a inscrición con posterioridade á realización dos exames.

39 TITULACIÓNS CON PROXECTOS OU TRABALLOS FIN DE CARREIRA

Os alumnos de titulacións de 1º e 2º ciclo nas que se esixa ter todas as materias do plan de estudos superadas para a realización do proxecto ou traballo fin de carreira, poderán inscribirse na convocatoria de fin de carreira nas demais materias ou créditos que teñan pendentes para concluír os seus estudos, sempre que reúnan os requisitos esixidos nesta convocatoria. Para o cómputo do número de créditos non se terán en conta os do traballo ou proxecto fin de carreira, agás nos casos en que para realizalo non se precise ter superadas todas as demais materias que conforman o plan de estudos.

40 CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA

Aos alumnos de plans en extinción que solicitaron a superación de materias a través da convocatoria de fin de carreira para as titulacións de Grao, unha vez comprobado que cumpren os requisitos esixidos notificaráselles a aceptación da súa inscrición a través da Secretaría Virtual.

EXCLUSIÓNS DA INSCRICIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA EN PLANS EN EXTINCIÓN

Non se poderán inscribir na convocatoria extraordinaria de fin de carreira os alumnos de 1º e 2º ciclo que teñan superadas a totalidade das materias e créditos esixidos para a obtención do título.

Quedan excluídas da convocatoria de fin de carreira as seguintes materias ou actividades:

- Os prácticum
- As estancias da Licenciatura en Farmacia
- As estancias da Licenciatura en Veterinaria
- Os traballos academicamente dirixidos
- As materias que esixan a superación de prácticas para ser aprobadas agás que os centros autoricen o contrario
- Os traballos ou proxectos fin de carreira

Non obstante, o alumnado que teña pendente de superar algunha destas materias ou actividades poderá inscribirse para concorrer aos exames da convocatoria de fin de carreira no resto das materias que teña pendentes para concluír os seus estudos sempre que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria. Para estes efectos, computaranse os créditos das materias ou actividades excluídas, agás os traballos ou proxectos de fin de carreira.

41 CÓMPUTO DE CONVOCATORIAS

Os alumnos que se inscriban na convocatoria extraordinaria de exames ou na de fin de carreira, se non se presentan aos exames desta convocatoria poderán concorrer aos exames da primeira e segunda convocatoria ordinarias do curso académico, sempre que non incorran nalgún impedimento por ter esgotadas o número máximo de convocatorias da materia.

42 MATRÍCULA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA

Este tipo de matrícula só estará permitida para as titulacións de primeiro e segundo ciclo e dará dereito a unha única convocatoria de exame, coincidente coa segunda convocatoria ordinaria, xullo ou setembro, segundo o calendario académico aprobado.

Poderán formalizar esta matrícula os seguintes alumnos:

Os que se inscribiron na convocatoria extraordinaria de exames de fin de carreira e esgotaron no curso académico as dúas convocatorias de exame a que lle dá dereito a matrícula ordinaria ou nalgunha materia necesaria para concluír os estudos que non incluíran na súa solicitude de inscrición.

Os que reunindo os requisitos para presentarse á convocatoria de fin de carreira non se inscribiron nela.

Están obrigados a matricularse da totalidade dos créditos que lles resten para concluír os estudos e reportará as tarifas establecidas para a matrícula ordinaria.

O cumprimento dos requisitos para concorrer a esta convocatoria deberá reunirse no inicio do curso académico. Non procederá, por tanto, a matrícula dos alumnos que reúnan os requisitos tras superar materias nalgunha das convocatorias, ordinarias ou extraordinarias, deste curso académico ou por serlle recoñecidos estudos ou actividades realizadas no mesmo curso.

43 PRAZOS DE MATRÍCULA E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

43.1 AMPLIACIÓN E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA NO SEGUNDO CUADRIMESTRE EN TITULACIÓNS DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO

Excepcionalmente, para os efectos de facilitar o axuste dos créditos por cambio de materias optativas ou de libre elección, autorizarase que o número de créditos resultante da modificación sexa como máximo 2 créditos menos que os inicialmente matriculados. Neste caso, non procederá a devolución de prezos públicos.

Ampliación de materias.- Nas materias de libre elección do segundo cuadrimestre que teñen límite de prazas e nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas, poderá realizarse a matrícula ata cubrir o número total de prazas.

Cambio de materias.- Poderanse anular soamente materias optativas ou de libre configuración do segundo cuadrimestre para matricularse noutras.

Non se poderán anular as materias nas que se fixo a inscrición para a convocatoria de fin de carreira, aínda que non se presentaran aos exames.

En ningún caso se permitirá a anulación de matrícula en materias de libre elección nas que foi preciso facer unha asignación de prazas no primeiro período por ter unha demanda superior á oferta.

Ampliación de matrícula en materias do segundo ciclo.- Os alumnos que non reuniran os requisitos para matricularse en materias do segundo ciclo no período ordinario de matrícula e que os cumpren tras os exames do primeiro cuadrimestre, poderán matricularse nesas materias, aplicándose as mesmas condicións e requisitos que para as demais ampliacións e modificacións que se regulan nesta resolución.

43.2 MATRÍCULA AO ABEIRO DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 19 DE XULLO DE 2011

Realizada a oportunidade de recuperación establecida no Acordo do Consello de Goberno de 19 de xullo de 2011, e sempre que esta finalice con posterioridade ao remate do prazo ordinario de matrícula, o alumnado que supere materias nesta oportunidade, poderá solicitar individualmente e de forma presencial na UXA, a correspondente modificación puntual da matrícula formalizada.

A modificación da matrícula poderá determinar:

Que se deixe sen efecto a adaptación realizada ao grao

Que se opte pola adaptación ao grao

Que inclúan ou eliminen materias de titulacións non adaptadas ao EEES.

Esta modificación será compatible coa que poida realizar o alumnado nos prazos ordinarios de modificación de matrícula establecidos pola USC.

No relativo ás adaptacións de estudos dos alumnos acollidos á oportunidade de recuperación establecida no Acordo do Consello de Goberno de 19 de xullo de 2011 estarase ao disposto nesa norma e a normativa de desenvolvemento.

43.3 RECOÑECEMENTOS DE PRÁCTICAS, CURSOS, SEMINARIOS, XORNADAS E OUTRAS ACTIVIDADES

Nos recoñecementos de prácticas, cursos, seminarios, xornadas e outras actividades como créditos de libre elección cuxa eficacia está condicionada ao pagamento das tarifas correspondentes, no caso de que o alumno solicite a emisión da liquidación do pagamento, poderá desistir do recoñecemento nun prazo de dez días. Transcorrido ese prazo, no caso de non efectuar o pago, procederase á reclamación da débeda, en aplicación do establecido na Resolución reitoral 30 de abril de 2013, sobre o procedemento para a recadación de impagos por prezos de matrícula. O recoñecemento producirá efectos no expediente académico desde o momento en que se proceda ao pagamento dos créditos ou, no caso de estar exento, desde o día en que se solicite.

V. ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

44 ALUMNOS DE INICIO

A presente convocatoria regula a matrícula dos alumnos que inicien os seus estudos de doutoramento no presente curso académico ao abeiro do Real decreto 99/2011.

45 ALUMNOS DE CONTINUACIÓN

A presente convocatoria regula a matrícula para continuación de estudos de doutoramento ao abeiro do Real decreto 185/1985; do Real decreto 778/1998, do Real decreto 1393/2007 e do Real decreto 99/2011. e que fosen admitidos en cursos anteriores.

46 REQUISITOS DE ACCESO

Os requisitos de acceso para os alumnos de inicio nos estudos de doutoramento ao abeiro do Real decreto 99/2011 serán os establecidos na normativa vixente e no Regulamento de estudos de doutoramento da USC.

Son requisitos de acceso os seguintes:

Con carácter xeral para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario Oficial.

Así mesmo poderán acceder quen se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 16 do R.D. 1393/2007 e superar un mínimo de 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.
- Estar en posesión dun título oficial español de Grao cuxa duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 ECTS. Os devanditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster.
- Os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso ás prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde (MIR, FIR, PIR, EIR, etc).
- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade de homologalo, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o

interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de acceso a ensinos de Doutoramento.

- Estar en posesión doutro título español de Doutor obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.
- Os doutorandos que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias, poderán acceder aos ensinos de doutoramento, previa admisión de acordo co establecido neste Regulamento. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral neste regulamento para acceso a estudos de doutoramento.
- Poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, de 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, de 23 de xaneiro.
- Poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión dun título de máster oficial conforme ao Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou superasen 60 ECTS de estudos de máster oficial.
- Tamén poderán acceder os Diplomados, Enxeñeiros Técnicos ou Arquitectos Técnicos que acrediten superar 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais cursados dos que polo menos 60 terán que ser de nivel de máster oficial.

47 PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

A solicitude de novas admisións en Programas de Doutoramento ao abeiro do Real decreto 99/2011, realizarase a través da Secretaría Virtual, nos prazos que se establezan no Anexo I. No caso de non poder formalizar a admisión por esta vía, poderá presentala na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo no Pavillón Estudantil do Campus Vida, dentro do mesmo prazo; e serán remitidas á Comisión Académica do programa de doutoramento correspondente para a súa tramitación neste período.

O alumnado cumprimentará os datos persoais e de acceso requiridos na solicitude de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e copia da titulación de acceso e de ser o caso adxuntará na mesma os documentos adicionais e específicos que se lle esixan por parte do programa de doutoramento no que solicita a admisión.

Así mesmo cumprimentará na solicitude de admisión un formulario no que realizará unha declaración xurada de que posúe os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento, sen necesidade de aportar os documentos orixinais nese momento, e sen prexuízo do deber de aportalos unha vez realizada a matrícula.

As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento, realizarán a selección do alumnado e remitirán á Escola de Doutoramento para a súa publicación, as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa.

Contra esta resolución o alumnado poderá presentar reclamación perante as Comisións Académicas no prazo establecido no anexo I. Unha vez resoltas, as CAPD daranlle traslado á Escola de Doutoramento que publicará as listaxes definitivas de alumnos admitidos, así como a listaxe de agarda, de ser o caso, para realizar estudos de doutoramento no curso académico 2014-2015.

Os programas de doutoramento poderán establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión do estudantado.

47.1 COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN

No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos.

No seu caso, a CAPD, determinará os complementos de formación que deberán ser concretados para cada alumno pola CAPD, sen que se poidan superar os 15 ECTS.

A realización destes complementos será previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea, o alumnado deberá matricularse destes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica no programa. No caso de ser previa, só se matriculará destes complementos e non se asinará o compromiso de supervisión establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, nin se abrirá o documento de actividades do doutorando ata a súa superación.

Os complementos de formación deberán superarse no prazo máximo de tres cuadrimestres consecutivos. De non facelo así, o alumno causará baixa no programa.

Estes complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de máster e grao e terán, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. En caso de realizarse con carácter previo, o seu desenvolvemento non computará para os efectos do límite temporal establecido para a realización da tese. Estes créditos non computarán para os efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.

47.2 PRAZAS VACANTES

Se rematado o prazo do primeiro período de presentación de solicitudes de admisión houbese menos solicitudes que prazas ofertadas nun programa de doutoramento, prorrogarase este período para a presentación de novas solicitudes para eses programas de doutoramento ata o día 1 de outubro.

Estas solicitudes poderán ser presentadas na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo no Pavillón Estudantil do Campus Vida e serán tramitadas ás CAPD correspondentes para a súa tramitación e que deberán ser resoltas antes do día 10 de outubro, para a autorización da matrícula de ser o caso.

O alumnado tamén poderá solicitar novas admisións no segundo semestre do curso 2014-15, nos prazos indicados no anexo I, e conforme ao procedemento establecido nesta convocatoria.

48 ADAPTACIÓNS E RECOÑECEMENTOS DO ALUMNADO DE ANTERIORES ORDENACIÓNS AOS NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO AO ABEIRO DO REAL DECRETO 99/2011.

O alumnado que estivera cursando estudos conforme a programas anteriores ao Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro poderán solicitar a admisión nos novos programas conforme ao réxime xeral ou solicitar a admisión a un programa verificado pola vía de adaptación conforme ao disposto na Resolución reitoral de 11 de novembro de 2013.

Para a admisión por esta vía deberá ter un informe favorable da Comisión Académica, que será requirido dende a Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo á Comisión Académica correspondente. Unha vez admitido deberá realizar todos os trámites do alumnado do programa e a liquidación de prezos públicos que proceda, e comezarán a computar os prazos para a realización da tese.

No presente curso académico 14-15 o prazo para solicitar a admisión pola vía da adaptación será ata o día 10 de outubro, sempre que estea matriculado na tutela académica no curso 2014-2015 como alumno de continuación en programas de doutoramento de anteriores normativas.

Os interesados presentarán a solicitude de adaptación no modelo normalizado dirixido á Sección de Terceiro Ciclo, en calquera das Unidades de Xestión Académica, nos Rexistros da USC, no Rexistro electrónico, ou polos procedementos establecidos na LRXAP-PAC; unha vez recibidos os informes das CAPD, emitirase a Resolución correspondente e procederase a dar de alta nos novos programas ao abeiro do rd 99/2011.

Os cursos, seminarios, estadías e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formasen parte de programas do Real decreto 778/1998, do Real decreto 56/2005 ou do Real decreto1393/2007, ou a realización daqueloutros en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento. Para ser recoñecidos, deberá existir afinidade suficiente en duración e contidos coas actividades formativas do programa. Unha vez recoñecidos incluiranse no documento de actividades personalizado e poderase imputar como superación dunha actividade formativa do programa, de ser o caso.

49 MATRÍCULA

A matrícula dos programas de doutoramento ao abeiro do rd 99/2011 incluirán tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en ECTS e comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa. A matrícula destes créditos transversais formalizarase xunto coa matrícula de tutela académica ou en calquera momento do curso académico a través da Secretaría Virtual, unha vez autorizada e verificados os mesmos.

49.1 ALUMNOS DE INICIO

O alumnado que inicien estudos en programas de doutoramento regulados ao abeiro do Real decreto 99/2011, deberán formalizar a matrícula de tutela académica, e no seu caso, dos

complementos de formación e/ou das actividades formativas propias do programa de doutoramento, acordados pola Comisión Académica correspondente no proceso de admisión, a través da Secretaría Virtual, nos prazos e nas condicións que se establecen no Anexo I.

Unha vez matriculado, o alumnado deberá acreditar documentalmente na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo a titulación de acceso indicada na solicitude de admisión, mediante certificación oficial orixinais ou compulsada polo organismo expedidor; agás os que indicaran titulacións de acceso ao doutoramento obtidas nesta Universidade.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula, unha vez formalizada a mesma e tras a revisión da documentación académica de acceso achegada polo interesado/a no órgano correspondente.

A matrícula considerarase definitiva, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

ALUMNOS ESTRANXEIROS

Os estudantes que teñan títulos equivalentes aos oficiais de Grao e Máster e que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe, expedidos por unha universidade ou centro de ensino superior estranxeiros, poderán acreditar o acceso aos estudos de doutoramento mediante a homologación outorgada polo Ministerio ou mediante a equivalencia ou recoñecemento outorgada pola universidade, segundo corresponda.

Os estudantes con títulos estranxeiros sen homologar, poderán solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que se acredite un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e faculte no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento a outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.

Deste xeito os estudantes con título estranxeiro sen homologar requirirán, para a plena validez da súa matrícula, unha resolución de equivalencia dos estudos realizados fóra do Espazo Europeo ou de recoñecemento de estudos realizados dentro do Espazo Europeo outorgada polo reitor, previos os informes que regulamentariamente se establezan, na que se indicará a denominación do título estranxeiro e o seu recoñecemento para os efectos de cursar estes estudos.

A equivalencia deberá solicitarse unha vez admitido e/ou matriculado nos estudos de doutoramento no Servizo de Xestión Académica da Universidade, acompañando o título en base ao cal se desexa acceder aos estudos de terceiro ciclo e un certificado académico dos mencionados estudos, no que consten as materias e períodos académicos cursados e de que o título dá acceso no seu país aos estudos de doutoramento. Todo o anterior presentarase debidamente legalizado (orixinais e fotocopias para o seu cotexo ou fotocopias autenticadas polos servizos consulares ou embaixadas españolas). En caso de non ser o idioma de orixe o castelán, deberase acompañar tamén dunha tradución legalizada da documentación anteriormente citada.

49.2 ALUMNOS DE CONTINUACIÓN

Os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento ao abeiro do rd 99/2011 deberán matricularse anualmente a través da Secretaría Virtual na tutela académica, sempre que non exista impedimento comunicado pola Comisión Académica (CAPD) dentro do prazo de matrícula e sempre que a formalice nos prazos establecidos no anexo I. No caso de que un doutorando ao abeiro do rd 99/2011 non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa, salvo nos casos por baixa temporal establecidos no Regulamento de estudos de doutoramento da USC.

O alumnado que fora admitido previamente nos estudos de doutoramento conforme a ordenacións anteriores ao RD 99/2011 deberán formalizar esta matrícula de tutela académica, a través da Secretaría Virtual, nos períodos establecidos nesta convocatoria. Neste caso, a matrícula de continuación poderá formalizarse aínda que non a realizasen en cursos anteriores e dará dereito á tutela académica, así como para ter dereito a realizar a solicitude de defensa da tese de doutoramento no presente curso académico.

50 ADICACIÓN

O alumnado no momento de formalizar a matrícula poderá optar pola dedicación a tempo completo ou parcial, segundo o tempo que pretenda dedicar á realización da tese.

O alumnado de programas do rd 99/2011, poderá solicitar a modificación da súa dedicación, polos motivos establecidos na normativa da USC, a través da Secretaría Virtual, nos períodos de matrícula ordinarios de doutoramento, e será autorizado pola CAPD. Unha vez recibido o informe na Sección de Posgrao Propio e Terceiro Ciclo, emitirase a resolución na que, de ser o caso, se indicará o novo prazo límite establecido para a defensa da tese.

O alumnado ao abeiro de normativas anteriores ao rd 99/2011 poderán solicitar a modificación da modalidade de dedicación durante o curso académico a través da Secretaría Virtual, exceptuando os períodos nos que exista outro proceso aberto (admisión ou matrícula) e deberá ser autorizada polo Consello de Departamento ou Comisión Académica, segundo a normativa de adscrición do seu proxecto de tese.

51 BAIXA TEMPORAL

O alumnado matriculado nos programas de doutoramento ao abeiro do rd 99/2011, poderá solicitar a baixa temporal contemplada na normativa da USC a través da Secretaría Virtual. A Sección de Posgrao Propio e Terceiro Ciclo requirirá o informe da CAPD. Unha vez recibido o citado informe, emitirase a resolución na que se comunicará, de ser o caso, os efectos sobre a matrícula nos estudos de doutoramento.

Para o alumnado de programas do rd 1393/2007, será de aplicación de ser o caso, o réxime establecido na Instrución 2/2013 da Secretaria Xeral da USC, sobre duración, prórrogas, baixa temporal, dedicación e adaptación.

52 LIMITACIÓNS

Non será posible estar matriculado de tutela académica en dous programas de doutoramento de forma simultánea e para o mesmo curso académico.

No presente curso académico non se formalizará ningunha matrícula de tutela académica fóra dos prazos establecidos no Anexo I, agás os casos de imposibilidade técnica de realizala por Secretaría Virtual dentro dos prazos oficiais, debendo estar acreditado debidamente que houbo comunicación formal da incidencia ao centro de atención ao usuario neses períodos ou debido a posibles modificacións dos prazos de admisión e de matrícula que se publiquen.

53 SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS

A matrícula nun programa de doutoramento ao abeiro do rd 99/2011 considerarase a tempo completo e computa, para os efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico, como 60 ECTS.

A suma dos ECTS da matrícula a tempo completo no programa de doutoramento e a matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou máster e/ou licenciatura e/ou diplomatura) nun mesmo curso académico non pode exceder de 75 ECTS.

A matrícula a tempo parcial nun programa de doutoramento conforme ao rd 99/2011 non poderá realizar simultaneamente outros estudos universitarios oficiais.

Para a simultaneidade de ordenacións anteriores estarase ao regulado nas mesmas.

54 MATRÍCULA DE ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

O alumnado que estean a cursar estudos de doutoramento noutras Universidades españolas ou en Universidades estranxeiras ou Investigadores que se incorporen temporalmente á USC, para realizar unha estadía de investigación e con tutela académica na USC, relacionada coa súa tese de doutoramento ou investigación, ben mediante Convenios de Intercambio (SRE ou outros centros da USC), ben por autorización da universidade de orixe do alumno para a realización da mesma, formalizarán unha matrícula de tutela académica na modalidade de "matrícula por estadía ", polo período contemplado no respectivo convenio ou autorización.

Formalizarase a través da Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo da USC, durante o curso académico, a través do Departamento ou Instituto, onde realizará a súa estadía, solicitado en todo caso sempre antes do inicio da mesma e independente da súa duración, cubrindo o formulario de solicitude correspondente, que deberá ser avalado polo profesor/a que o tutela e polo Departamento ou Instituto Universitario da súa estadía temporal, e aportando os documentos necesarios para a súa formalización (Copia do dni ou pasaporte e documento de invitación ou autorización do organismo de orixe do alumno).

O alumno matriculado na modalidade de estadía aboará os prezos públicos correspondentes á matrícula da tutela académica establecido no decreto da Xunta de Galicia se a estadía é dun ano completo, ou o 50% ou 25% deste prezo se a duración da estadía é dun semestre ou menor, segundo o Acordo do Consello Social da USC. A matrícula dará dereito de acceso aos diferentes servizos da USC durante a súa estadía. Tamén deberá aboar o seguro obrigatorio establecido polo Consello de Goberno de 26 de xuño de 2009.

A matrícula de estadía estará vixente dentro dos períodos establecidos na matrícula e no Calendario Oficial de Estudos da USC, debendo renovar a matrícula, se o alumno continúa nesta Universidade, ao finalizar un curso académico e comezar outro.

55 SOLICITUDE DE DEFENSA DA TESE DE DOUTORAMENTO

55.1 ALUMNOS DAS NORMATIVAS ANTERIORES AO R.D. 99/2011

Para a formalización da solicitude de defensa da tese, o alumno deberá estar matriculado no curso académico correspondente. Para efectos da solicitude de defensa da tese, a data de finalización do curso académico 2014-2015 nos estudos de doutoramento considerarase o 30 de setembro de 2015.

As solicitudes de defensa de tese presentaranse polo doutorando no Departamento ou Instituto Universitario de adscrición que figure no seu expediente, xunto coa documentación requirida, e unha vez admitida a trámite polo órgano correspondente, enviarase ao Centro de Posgrao da USC, para a súa admisión a trámite.

As solicitudes de defensa de tese do alumnado matriculado na tutela académica no presente curso 2014-2015 e para poder ser imputadas a este curso académico, deberán ser presentadas no Departamento ou Instituto Universitario ata o 30 de setembro de 2015.

55.2 ALUMNOS AO ABEIRO DO RD 99/2011

Para a formalización da solicitude de defensa da tese, o alumno deberá estar matriculado no presente curso académico. Para estes efectos do procedemento de defensa da tese, a data de finalización do curso académico 2014-2015 nos estudos de doutoramento considerarase o 30 de setembro de 2015.

Para a formalización da solicitude de defensa da tese o alumnado ao abeiro do Real decreto 99/2011, o procedemento a seguir será o establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC., aprobado no Consello de Goberno de 25 de xuño de 2012 (DOG de 29 de agosto de 2012).

VI. ESTUDOS CONDUCENTES A TÍTULOS PROPIOS

56 DIPLOMA SUPERIOR EN CRIMINOLOXÍA

A matrícula na titulación de Diploma Superior en Criminoloxía, rexerase polo Acordo do Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005, polo que se aproba a normativa sobre regulación deste título, e o disposto na presente convocatoria.

Así mesmo, para estes estudos serán de aplicación os prezos e as normas de liquidación establecidas no Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos por matrícula nos estudos oficiais (ensinanzas de grao epígrafe B).

Poderán acceder os alumnos que acrediten ser Titulados Universitarios, ter superado as Probas de Acceso á Universidade, ou ben as Probas de Acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

A asignación de prazas recollidas no **Anexo VI** tanto da cota xeral e dos que estean en posesión do Diploma en Criminoloxía farase por orde de solicitude de matrícula, ata cubrir as prazas ofertadas.

Os alumnos que non finalizaron os estudos do plan de estudos anterior, para continuar os estudos deberán adaptarse ao novo plan, presentando unha solicitude na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur no prazo sinalado no **Anexo I**. No devandito anexo indícanse tamén os prazos de matrícula para inicio e continuación de estudos.

57 DIPLOMA SUPERIOR EN XESTIÓN HOSTALEIRA

Respecto aos estudos do título propio de Diploma Superior en Xestión Hostaleira e para o non regulado especificamente no convenio, os estudos rexeranse polas normas do Centro Superior de Hostalaría de Galicia.

58 GRAN DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL

Respecto á matrícula do título propio de Gran Diploma de Especialización Orquestral e para o non regulado especificamente no convenio, os estudos rexeranse polas normas da Escola de Altos Estudos Musicais.

Os alumnos matricularanse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte. Dos prezos aboados, corresponderá á USC a cantidade equivalente ao 25% dos prezos públicos en ensinanzas de posgrao correspondentes ao número de créditos que se impartan no curso. O alumnado deberá aboar o seguro obrigatorio establecido para alumnos da USC.

59 POSGRAO PROPIO E FORMACIÓN CONTINUA

59.1 ADMISIÓN.

Os alumnos que desexen realizar cursos de Posgrao Propios ou de Formación Continua na Universidade de Santiago de Compostela deberán solicitar a súa admisión no Centro, Departamento ou Instituto que organice o curso e no prazo que para cada curso se sinale na oferta do presente curso académico.

O Departamento, Centro ou Instituto organizador decidirá sobre a admisión dos estudantes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria do curso, e unha vez verificado que os alumnos cumpren os requisitos de acceso establecidos no Regulamento de Estudos de Posgrao Propio, deberá facer pública a relación de admitidos e excluídos nos sete días seguintes á finalización do prazo de admisión.

Contra as relacións de admisión e exclusión poderase interpor reclamación administrativa no prazo de 5 días. Esta circunstancia será advertida na resolución que faga públicas as relacións.

As reclamacións seranlle remitidas, co correspondente informe de quen organice o curso, á Comisión de Cursos e Convenios para a súa resolución.

Os criterios de admisión están establecidos no Regulamento de Posgrao Propio e na Instrución 13/2012 sobre número máximo de créditos para matricularse nun Posgrao non oficial.

59.2 MATRÍCULA

Rematado o proceso de admisión, a organización do curso remitiralle á Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua a relación dos alumnos admitidos para os efectos da realización da matrícula, así como a indicación dos que teñen concedida unha bolsa de matrícula e a súa contía, de ser o caso.

En caso de ser admitido nun Máster Propio ou nun Curso de Especialización con créditos pendentes de superar para obter a titulación de acceso ao curso de Posgrao Propio na presente convocatoria, o alumno deberá acreditar que está en condicións de obter a titulación e estar matriculado neses créditos pendentes no presente curso académico.

Non se formalizarán matrículas fóra dos prazos establecidos na oferta aprobada polo Centro de Posgrao desta Universidade.

Alumnos de Posgrao Propios e Formación Continua deberán matricularse presencialmente na Sección de Posgrao Propio, 3º Ciclo e Formación Continua (Pavillón Estudantil)

59.2.1 Máster Propio e Cursos de Especialización

Formalizarase na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo, presentando o impreso de solicitude de matrícula en cursos de Posgrao Propio (Máster propio e Cursos de Especialización) xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do título que lle dea acceso ao curso, agás que cursasen eses estudos na USC (neste caso indicarano no propio formulario de solicitude de matrícula)
- Fotocopia do D.N.I., NIE ou pasaporte, no caso de ser estranxeiro.

Os alumnos con titulación estranxeira, deberán acreditar a homologación do seu título ou solicitar a equivalencia do mesmo, no Servizo de Xestión Académica da USC, para poder formalizar a matrícula.

Non se formalizará matrícula de non estar acreditada previamente a solicitude de equivalencia da súa titulación no Servizo de Xestión Académica da USC.

Ademais, deberá aboar as tarifas establecidas de matrícula, na forma que determine a convocatoria do curso.

59.2.2 Cursos de Formación Continua

Formalizarase na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo, presentando o impreso de solicitude de matrícula en cursos de formación continua xunto coa seguinte documentación:

Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte, no caso de ser estranxeiro.

Ademais, deberá aboar as tarifas establecidas de matrícula, na forma que determine a convocatoria do curso.

59.2.3 Anulación de Matrícula

Segundo o establecido na Instrución sobre a xestión económica derivada dos cursos de Posgrao propio de 31 de xullo de 2001, do director do CPG, as solicitudes de anulación de matrícula, e a conseguinte devolución do importe aboado, atenderase nos seguintes casos:

Atenderanse en todos os casos as solicitudes presentadas antes da finalización do prazo de matrícula.

Atenderanse as solicitudes presentadas despois da finalización do devandito prazo e anteriores ao comezo do curso, sempre que conten con informe favorable da dirección.

As solicitudes presentadas con posterioridade ao comezo das actividades do curso non darán lugar a devolución, salvo causas imputables á Universidade ou causa de forza maior debidamente acreditada. Neste último caso é preciso ademais informe favorable da dirección

59.3 RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS DE POSGRAO PROPIOS DA USC.

Os requisitos e o procedemento están regulados na Resolución reitoral do 28 xullo de 2006 sobre Recoñecemento de Estudos de Posgrao Propios da USC.

O prazo para formalizar a solicitude de recoñecemento total ou parcial de estudos de Posgrao Propios da USC, será o do período de formalización da matrícula nos devanditos estudos que se estean impartindo na USC no curso académico 2014-2015, segundo a oferta aprobada na Comisión de Posgrao desta Universidade

60 CUARTO CICLO E OUTROS ESTUDOS

A matrícula dos alumnos dos estudos de cuarto ciclo e doutros estudos non contemplados nesta convocatoria rexerase polas súas convocatorias específicas.

VII. PREZOS POR ESTUDOS E ACTIVIDADES ACADÉMICAS

61 PREZOS A ABOAR

As matrículas formalizadas na USC en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais cursados en centros propios ou adscritos, reportarán as tarifas que establece o Decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Os estudantes que formalicen matrícula en calquera estudo conducente á obtención dun título propio, deberán aboar as tarifas que para este aprobase o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela .

Os alumnos deberán aboar, ademais, as tarifas comúns ás titulacións oficiais e propias que se regulan no apartado 57 desta convocatoria.

Os estudos cursados en réxime virtual ou semipresencial devindicarán os prezos dos estudos en réxime ordinario correspondentes.

Os alumnos matriculados polo réxime de alumnos visitantes aboarán os prezos que determina o Consello Social.

PREZOS POR MATRÍCULA NAS ESTANCIAS DO GRAO EN FARMACIA

A matrícula nas Estancias reportará as tarifas correspondentes a 24 ECTS, aplicándose a tarifa que se establece no Decreto polo que se aproban os prezos públicos e serán de aplicación os mesmos beneficios e exencións que para as demais materias da titulación.

PREZOS POR MATRÍCULA EN MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN

Para os efectos de liquidación, os prezos que aboarán os alumnos dos plans en extinción por matrícula en materias de libre elección terán a mesma consideración que a matrícula en materias da propia titulación excepto as materias de titulacións impartidas en centros adscritos, que se liquidarán de acordo co prezo fixado polo centro adscrito máis o 25% das tarifas que estableza o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia para o curso 2014-2015.

62 PREZOS COMÚNS ÁS TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS

62.1 APERTURA DE EXPEDIENTE

Aboarán a tarifa por este concepto os alumnos que inicien estudos nunha titulación independentemente da forma de acceso. Igualmente reportarán estes prezos os alumnos que trasladen o seu expediente desde outra universidade para continuar os mesmos ou outros estudos na USC.

Os prezos por apertura de expediente aboaranse por cada titulación na que se inscriba o alumno.

62.2 EXPEDICIÓN E MANTEMENTO DA TARXETA DE IDENTIDADE

Esta tarifa aboarase anualmente conxuntamente coa matrícula en concepto de expedición ou mantemento. Aboarase unha soa vez por curso académico, calquera que sexa a titulación ou titulacións das que se matricule o alumno.

62.3 SEGURO ESCOLAR

O alumnado da Universidade de Santiago de Compostela menor de 28 anos que curse estudos oficiais está obrigado ao pagamento do seguro escolar segundo as normas estatais ao respecto. Este seguro aboarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen.

O alumnado poderá subscribir o seguro complementario de accidentes, obrigatorio para outros colectivos.

62.4 SEGURO OBRIGATORIO

O alumnado que curse estudos na USC e estea fóra da cobertura do seguro escolar, así como os alumnos con nacionalidade distinta da española, están obrigados á subscrición dun seguro obrigatorio segundo o establecido no Acordo do Consello Goberno de 29 de xuño de 2009.

Tamén estará obrigado ao pago deste seguro, o alumnado que curse estudos noutra universidade ou institución educativa en virtude de programas ou convenios interuniversitarios de intercambio. A liquidación deste seguro farase coa matrícula. En caso de alumnos da USC cuxo período de intercambio comece antes do inicio de matrícula, poderán aboalo a través da dirección electrónica http://www.oncampus.es/

Poderá exceptuarse deste deber a matrícula nos cursos de formación continua con docencia e avaliación exclusivamente virtual sempre que a convocatoria concreta así o estableza.

O seu importe será o que fixe a USC para cada curso académico e o seu aboamento farase unha soa vez por curso académico independentemente de que o alumno estea inscrito nunha ou máis actividades académicas.

63 FORMAS DE PAGO DOS PREZOS PÚBLICOS

O pago de prezos públicos poderá ser en efectivo (ou con tarxeta de débito ou de crédito), ou mediante domiciliación bancaria.

O pago en efectivo deberá realizarse en calquera das catro entidades bancarias colaboradoras coa USC: NovaGaliciaBanco, Caixa Rural Galega, La Caixa e Banco Santander.

En aplicación da normativa de implantación da Zona Única de Pago en Euros (SEPA), a domiciliación bancaria unicamente poderá facerse nunha conta na que o alumno figure como titular ou cotitular.

No primeiro prazo de matrícula o alumno poderá optar polo pago íntegro ou fraccionado en tres prazos. O primeiro prazo efectuarase nos dez días seguintes ao de presentación da matrícula polo 50% do importe da mesma. O segundo e terceiro prazo serán do 25% do total e aboaranse no mes de decembro e na primeira quincena de marzo, respectivamente.

No caso de que se autorice a matrícula ou modificación de matrícula a partir do mes de decembro e antes de marzo, poderase fraccionar o pago en 2 prazos: o primeiro será o 75% do importe da matrícula e deberá aboarse dentro dos 10 días seguintes á data de emisión da liquidación. O segundo prazo polo restante 25% deberá aboarse na primeira quincena de marzo.

Non se admitirán fraccionamentos de pago nas matrículas e modificacións de matrícula que se realicen a partir do mes de marzo.

Os alumnos que soliciten acollerse á modalidade de pago fraccionado deberán domiciliar o pago, non se admitirá o pago fraccionado en efectivo ou por tarxeta.

A matrícula de tutela académica nos estudos de doutoramento realizarase nun único pagamento.

Os conceptos de apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar ou obrigatorio e soporte e documentación non poderán fraccionarse, liquidaranse integramente xunto co primeiro prazo.

Así mesmo, nos devanditos conceptos non serán aplicables as reducións e exencións recollidas na norma 59, salvo que nesta se indique expresamente.

Os importes deberán ser aboados nun prazo máximo de 10 días naturais a partir da data que figura na emisión da correspondente liquidación.

CONFIRMACIÓN DO PAGAMENTO DA MATRÍCULA

A confirmación de ingresos e conciliación da liquidación da matrícula realizarase de maneira automática entre a entidade bancaria colaboradora e a USC a través do Servizo de Contabilidade.

O alumnado non precisa presentar ningún recibo acreditativo para xustificar o pagamento da matrícula, agás que en casos excepcionais lle sexa requirido.

64 EXENCIÓN, REDUCIÓN E SUBVENCIÓN DO PAGO DE PREZOS

64.1 RESIDENTES

Sen prexuízo das condicións que poida determinar o Decreto de Prezos Públicos, a efectos do disposto nesta convocatoria teñen a condición de residentes exclusivamente:

- Os que ostenten a nacionalidade española ou de calquera país membro da UE
- Os que adquiran a condición por razón de parentesco ou relación laboral

En relación co recoñecemento da condición de residente dos alumnos de nacionalidade estranxeira, esta quedará acreditada pola presentación de Tarxeta de Identificación de Estranxeiros (TIE).

Os alumnos nacionais de países da Unión Europea non precisan acreditar a condición de residente a efectos da determinación dos prezos de matrícula xa que son, en todo caso, considerados como non estranxeiros.

Non obstante, se algún alumno estranxeiro presenta outra documentación distinta por non poder presentar a TIE solicitarase informe do SXA para aceptar a devandita documentación.

64.2 SOLICITANTES DE BOLSA DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

Os solicitantes de bolsa de estudos da convocatoria xeral do Ministerio de Educación poderán aprazar o pago das tarifas de materias en primeira matrícula ata que se resolva a súa petición, agás que non reúnan os requisitos esixidos polas convocatorias do Ministerio de Educación, debendo neste caso aboar o importe correspondente, sen prexuízo de que, no caso de que a bolsa lles fose concedida, soliciten a devolución dos prezos aboados.

Os alumnos aos que lles sexa denegada a bolsa solicitada deberán proceder ao seu pagamento nos 10 días naturais seguintes á recepción da notificación.

O alumnado que se matricule como solicitante de bolsa aboará, de acordo co establecido na normativa do ministerio para este curso, o importe das materias en segunda e sucesivas matrículas. A exención por bolsa só abarca os créditos necesarios para a obtención do título, polo que os alumnos solicitantes tamén deberán aboar os créditos dos que se matriculen en exceso.

En calquera suposto, os bolseiros aboarán os importes correspondentes por recoñecemento de créditos, validación de materias, apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

O alumnado matriculado como solicitante de bolsa que posteriormente non presente a solicitude, deberá proceder a liquidar a matrícula nos 10 días naturais seguintes ao final do prazo de solicitude da bolsa, de non facelo así, iniciarase o procedemento de recadación de impagos segundo a Resolución reitoral de 30 de abril de 2013, que dará lugar á recarga aprobada por Acordo do Consello de Goberno de 29/09/2004 e ratificado por Acordo do Consello Social de 18/11/2004.

64.3 SOLICITANTES DE BOLSA E BOLSEIROS DOUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS

Os estudantes solicitantes ou beneficiarios dunha bolsa distinta ás referidas no apartado anterior, para acollerse á exención das tarifas por servizos académicos na correspondente convocatoria deberá declarar, explicitamente, que o seu beneficiario está exento do pagamento das tarifas e que o organismo ou institución convocante compensará á universidade polo importe dos ingresos que por este motivo deixe de percibir.

De ser requirido, o alumno deberá manifestar en que Diario Oficial foi publicada a convocatoria da bolsa ou a referencia ao convenio no que pretenda sustentar a exención.

64.4 MATRÍCULA DE HONRA

64.4.1 Exención total

Terán exención total na primeira matrícula de inicio en estudos universitarios os alumnos con matrícula de honra na avaliación final de COU, en 2º curso de bacharelato LOXSE ou LOE, ou con premio extraordinario en bacharelato, así como os que teñan matrícula de honra no Ciclo Superior de Formación Profesional.

Esta exención só será eficaz a primeira vez que se faga uso dela de xeito que non será aplicable se se fixo uso dela noutra titulación

64.4.2 Exención parcial

Os alumnos universitarios con matrícula de honra nalgunha materia poderán aplicar o desconto por este concepto recollido no Decreto de Prezos unicamente para os mesmos estudos no ano académico seguinte.

64.5 BENEFICIARIOS DE FAMILIAS NUMEROSAS

Conforme ao disposto na Lei de protección das familias numerosas, os beneficiarios desta condición poderán acollerse a ela sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente nalgún momento do prazo ordinario de matrícula aínda que este momento non coincida co de matrícula do alumnado, ou ben acrediten solicitar a súa expedición ou renovación dentro de devandito prazo. Neste último suposto, deberá acreditar a súa posesión antes do 31 de decembro do ano en que se inicia o curso académico. En caso contrario non se aplicarán os beneficios por este concepto, aínda que presente o título de familia numerosa con posterioridade.

As reducións por familia numerosa son aplicables aos prezos a aboar pola expedición de certificados, traslados e títulos. Non hai redución por familia numerosa nos prezos de apertura de expediente, tarxeta de identidade, e soporte e documentación, prezos por expedición de duplicados e nos prezos dos seguros obrigatorio e voluntario.

Os alumnos beneficiarios de reducións por familia numerosa con título vixente deberán cumprir os deberes respecto da presentación da documentación (título ou copia da solicitude de expedición) no momento da matrícula, ou nos 10 días de prazo se fose requirido para iso. No caso de que o título estea vixente e o alumno non cumpra o deber de presentación decae dos seus dereitos e deberá aboar os prezos ordinarios sen redución e coa recarga que puidese corresponder.

64.6 OUTRAS EXENCIÓNS LEGALMENTE ESTABLECIDAS

Estarán exentos do pagamento das tarifas de matrícula os alumnos que estean nalgún dos seguintes supostos recoñecidos legalmente:

64.6.1 Discapacidade

Os que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. Deberán presentar o documento acreditativo do grao de minusvalía expedido pola autoridade competente.

64.6.2 Vítimas de actos terroristas

Será de aplicación ás vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas.

Esta condición acreditarase de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, e deberá estar en vigor no prazo de matrícula.

64.6.3 Violencia de xénero

Será de aplicación ás persoas que sofren violencia de xénero así como aos seus fillos. Esta situación acreditarase por calquera das seguintes formas:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
- Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia de xénero
- Certificación dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local
- Certificación dos Servizos de Acollida da Administración Pública Autonómica ou Local
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
- Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social
- Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente

Esta exención producirá efectos durante os 10 anos posteriores a data do recoñecemento oficial do feito.

No caso de que, finalmente, a violencia de xénero non sexa confirmada por sentenza xudicial o alumno deberá aboar os prezos correspondentes.

64.7 BENEFICIARIOS DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DA UNIVERSIDADE

Os beneficiarios de axudas ao estudo establecidas pola USC poderán aprazar o pagamento da matrícula ata que non se resolva a axuda ou subvención solicitada. Para iso deberán manifestar ao

realizar a matrícula a súa condición de solicitante desta axuda ou subvención sen que sexa necesaria a presentación previa da solicitude de axuda. A universidade enviará aos interesados os impresos de solicitude para que sexan cubertos, conforme ao disposto na convocatoria que regula estas axudas.

Os alumnos que se matriculen como beneficiarios de axudas e posteriormente non presenten a solicitude deberán proceder a liquidar a matrícula nos 10 días naturais seguintes ao final do prazo de solicitude da bolsa. De non aboar a matrícula nese prazo iniciarase o procedemento de recadación de impagos establecido na Resolución reitoral de 30 de abril de 2013, que poderá dar lugar á recarga aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 29 de setembro de 2004 e ratificado por Acordo do Consello Social de 19 de febreiro de 2014.

Os solicitantes destas axudas deberán aboar as tarifas por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

As axudas e subvencións para persoal das universidades da Coruña e Vigo estarán condicionadas á compensación ou reintegro á Universidade de Santiago de Compostela por parte destas institucións.

64.8 OUTRAS EXENCIÓNS.

Aplicaranse outras exencións que estean reguladas por disposicións normativas estatais ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

A documentación acreditativa debe ser entregada no prazo de 10 días desde a data de matrícula.

64.9 VIXENCIA DAS EXENCIÓNS E REDUCIÓNS.

Se o alumno é beneficiario dalgunha bonificación ou exención cuxa acreditación non conste en poder da USC, deberá acreditalo no momento da matrícula ou o prazo máximo de 10 días naturais a partir da formalización desta.

Os documentos que deberán presentarse para acreditar o dereito a exencións, reducións ou subvencións de prezos deberán estar en vigor no prazo ordinario de matrícula. Para estes efectos, entenderase por prazo ordinario de matrícula o prazo entre o 1 de xullo e o 29 de outubro de 2014.

As reducións que sexan aplicables ás modificacións do segundo semestre dos alumnos beneficiarios que cumprisen os requisitos no prazo ordinario de matrícula, o título debe ter vixencia entre o 1 de xullo e o 29 de outubro de 2014.

64.10 INAPLICABILIDADE NAS TITULACIÓNS PROPIAS.

Non será de aplicación ningún tipo de exención, redución ou subvención de prezos públicos aos alumnos que se matriculen en titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela.

65 RECADACIÓN DE IMPAGOS

65.1 NORMAS XERAIS

Unha vez detectado que o alumnado non abou os prezos correspondentes á matrícula nos prazos establecidos, iniciarase o procedemento de recadación de impagos que supón a perda de determinados dereitos por parte do alumnado, así como a posibilidade de arquivo de matrícula e de iniciar o procedemento de recadación executiva.

Unha vez iniciado o procedemento, o alumnado deberá aboar ademais dos prezos non liquidados, 30 euros en concepto de gastos de xestión e tramitación do procedemento de impagos, conforme ao

Acordo do Consello de Goberno de 18 de novembro de 2004 ratificado por Acordo do Consello Social de 19 de febrero de 2014. Esta recarga será única por cada procedemento de recadación incoado por impago.

O Servizo de Xestión Académica a través das Unidades de Xestión Académica será o responsable de xerar o procedemento informático correspondente e da emisión e envío ao interesado da reclamación correspondente.

As Liquidacións impagadas devoltas polas entidades bancarias sen xustificación serán incluídas neste procedemento de recadación.

65.2 PROCEDEMENTO

NOTIFICACIÓN AO INTERESADO

Detectada a falta de pagamento, o Servizo de Xestión Académica a través da Unidade de Xestión, ou órgano encargado desta función, remitirá comunicación ao interesado con xustificante de recepción no que se lle indicará que se vai a proceder ao arquivo da matrícula en todas as materias, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para xustificar o pago ou causa de exención.

O impago dun prazo suporá a perda do dereito ao pago fraccionado e do dereito ao pago domiciliado no seu caso, debendo aboar o resto do importe da matrícula nun único prazo que se establecerá na liquidación notificada ao interesado.

RESOLUCIÓN DE SUSPENSIÓN DE MATRÍCULA

No caso de que, requirido o alumno para que proceda ao pago non xustifique a causa de exención, ou non aboe a débeda ditarase resolución reitoral de suspensión de matrícula. A resolución incluirá a advertencia de que a suspensión non liquida a débeda manténdose esta coa recarga e xuros que correspondan.

A resolución reitoral de suspensión de matrícula por reclamación de falta de pagamento que se notifique ao alumno incluirá as medidas cautelares:

-Indicación de que todas as cualificacións, recoñecementos e anotacións no expediente que se produzan como consecuencia da matrícula non pagada serán “provisionais” ata o efectivo pagamento da matrícula, e así constará en calquera documento que expida a USC.

-Imposibilidade de consulta do seu expediente nas Unidades de Xestión Académica ou na Secretaría Virtual. Na Secretaría Virtual do alumnado figurará “acceso denegado por impago da matrícula”.

-Imposibilidade de expedición de certificacións e títulos, traslados de expediente, modificacións de matrícula ou novas matrículas, así como petición de renuncia ás convocatorias.

-No caso de que o procedemento de reclamación de débedas se inicie con posterioridade á finalización dos estudos quedará imposibilitada a expedición de títulos ata o aboamento efectivo do pagamento das débedas pendentes.

NOTIFICACIÓN DE IMPAGOS EN DOMICILIOS DESCOÑECIDOS

En caso de non poder notificar o procedemento de recadación de impagos a través do correo postal ou equivalente por causas non imputables á USC, procederase a publicar un edicto no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

65.3 VÍA DE CONSTRINXIMENTO E RECADACIÓN EXECUTIVA

Rematados os procedementos de reclamación de débedas sen que o alumnado xustifique o seu pagamento, o Servizo de Xestión Académica, a través da Unidade de Xestión correspondente procederá a ditar a "Providencia de constrinximento" indicando o importe da débeda non cobrada.

A devandita providencia, que non se notificará aos interesados, comunicarase á Xunta de Galicia a través da aplicación informática aos efectos de iniciar o procedemento de recadación executiva conforme ao Convenio de 3 de maio de 2001 asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. Na comunicación á Xunta indicarase unicamente a débeda principal sen xuros de demora, gastos ou recargas.

A Xunta tramitará o procedemento de constrinximento e notificará aos interesados a resolución indicando a recarga e xuros que procedan.

No caso de que no proceso de recadación executiva o interesado presente petición de aprazamento da débeda, será preceptivo o informe da USC antes da resolución da devandita petición. Estes informes serán emitidos polo Servizo de Xestión Académica.

65.4 RECURSOS

Contra a resolución reitoral de arquivo de matrícula por impago poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o Reitor.

Contra as resolucións da Xunta de Galicia, notificando ao interesado a débeda e recarga que procedan, o interesado poderá presentar os recursos que procedan legalmente. A resolución destes recursos será competencia da USC tramitándose a través da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) que, como primeira actuación solicitará informe da UXA correspondente. Da resolución dos recursos darase traslado á Xunta de Galicia.

65.5 REACTIVACIÓN DA MATRÍCULA

A resolución de arquivo de matrícula impedirá a reactivación da matrícula e do expediente, non podéndose realizar matrículas ou modificacións posteriores. Non obstante o anterior, a resolución de impugnacións, recursos ou revisións de oficio poderá determinar a reactivación da matrícula por causas excepcionais ou por defectos no procedemento de reclamación de débedas, condicionada ao aboamento efectivo dos prezos establecidos e, no seu caso, coa recarga de constrinximento correspondente.

VIII. OUTRAS DISPOSICIÓNS XERAIS

66 EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA

A programación e desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos indicados nesta convocatoria, vinculan do mesmo xeito aos alumnos destinatarios como á propia universidade, a través de todos os seus órganos.

A Secretaría Xeral poderá ditar as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento e interpretación da presente convocatoria ou de calquera outro acordo ou resolución do réxime do alumnado.

67 RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS

As reclamacións ou recursos interpostos polos alumnos desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulen o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

A tramitación dos recursos realizarase conforme ao establecido na Resolución reitoral do 15 de abril de 2004, sobre procedemento para a tramitación de recursos administrativos en materia de xestión académica (http://www.usc.es/oar).

68 QUEIXAS

Estará a disposición do alumnado a través da Secretaría Virtual da USC e da sede electrónica da USC o acceso á presentación de queixas e suxestións telemáticas. Así mesmo poderán presentarse a través da páxina web da Oficina de Análise de Reclamacións (http://www.usc.es/oar) cubrindo o formulario electrónico.

As queixas e suxestións tramitaranse de acordo co establecido na Resolución reitoral de 5 de decembro de 2005, pola que se aproba o procedemento para a tramitación de suxestións e queixas relativas á área académica da USC.

69 CARTA DE SERVIZOS

O alumnado ten á súa disposición unha carta de servizos académicos que pode ser consultada en http://www.usc.es/gl/goberno/secxeral/cartaservizos.html

70 PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos nestes procesos incorporaranse ao ficheiro nº 1 denominado "Xestión Académica e Alumnado" aprobado pola Resolución do 24 de xuño de 2002 e modificado por Resolución reitoral 3 de setembro de 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de Posgrao, Terceiro ciclo e Formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión administrativa da xestión académica e figure inscrita na Axencia de Protección de Datos.

Os datos serán sometidos a tratamento con finalidades académicas e de xestión da USC, e para a difusión de información institucional e de información destinada á formación e á inserción laboral e profesional dos membros da comunidade universitaria. A Universidade poderá facer uso dos datos contidos nos seus ficheiros tamén con finalidades históricas, estatísticas ou científicas e para as establecidas no ficheiro e na regulación xeral. Non se fará ningunha cesión de datos de carácter persoal sen consentimento do titular dos datos, excepto segundo o previsto pola lei e o declarado no ficheiro pola USC.

A responsabilidade sobre o ficheiro correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela, e mediante escrito poderá dirixirse á Secretaría Xeral da Universidade para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición conforme aos modelos que figuran en http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html e que poderán ser exercidos a través da Sede electrónica da USC.

71 ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS

A presente convocatoria entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial da USC, e terá efectos para a matrícula nas titulacións oficiais e titulacións propias para o curso 2014-2015.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- Á entrada en vigor da presente resolución quedan sen efecto as normas que se opoñan ao disposto nela.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2014
O REITOR,

Juan M. Viaño Rey

SRA. SECRETARIA XERAL – SR.VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR – SR. VICERRECTOR DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA- SR. VICERRECTOR DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO - SRES/O DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS – SRS. COORDINADORES DOS MÁSTER UNIVERSITARIOS OFICIAIS -SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDEMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS

ANEXO I

PRAZOS

- Os prazos establecidos para as titulacións de Grao tamén son de aplicación aos estudantes das titulacións non adaptadas ao EEES salvo que exista prazo específico no apartado correspondente.

- Os prazos para a inscrición e matrícula a través da Secretaría Virtual rematan ás 23:59 horas do último día do prazo, agás os prazos de preinscrición e matrícula para iniciar estudos en titulacións de grao con límite de prazas que rematan ás 14 horas do último día.

- O horario para calquera trámite de forma presencial nas Unidades de Xestión Académica ou noutros servizos e unidades é de 9 a 14 horas.

- As datas, salvo indicación expresa, refírense ao ano 2014

A. ESTUDOS DE GRADO

INICIO DE ESTUDOS			
ESTUDOS	**CONVOCATORIA**	**PRAZO 2014-15**	
Titulacións de grao con límite de prazas (prazos de matrícula fixados pola CIUG)	**Primeira**	**16 – 18 xullo**	**A1**
	Segunda	**28 – 30 xullo**	**A2**
	Terceira	**3 - 5 setembro**	**A3**
	Cuarta	**10 - 12 setembro**	**A4**
	Quinta	**24 - 26 setembro**	**A5**
	Sexta	**2 - 6 outubro**	**A6**
	Sétima	**15 - 17 outubro**	**A7**
	Oitava	**22 - 24 outubro**	**A8**
	Matrícula en titulacións con prazas vacantes (alumnos aos que non lles foi concedida praza)	**28 ao 29 de outubro**	**A9**

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS			
Iniciados na USC	**Prazo Xeral** (dende que o alumno conoza todas as cualificacións)	**17 xullo – 4 setembro **** (agás agosto para m. presencial nos casos previstos na convocatoria)	**A10**
	Alumnos Non matriculados período anterior	**28 xaneiro - 9 febreiro 2015**	**A11**
	Adaptación desde plans en extinción (calendario EEES)	**17 xullo – 4 setembro ****	**A12**
Estudos iniciados noutra universidade	**Admisión en Tit. sen cota para traslados**	**1 xullo – 4 setembro**	**A13**
	Admisión en Tit. con cota para traslados	**1 – 31 xullo**	**A14**
	Prazo de matrícula admitidos en Tit con cota	**2 - 4 setembro**	**A15**
	Validación parcial de estudos estranxeiros para iniciar estudios no curso 2014-2015 (No caso de existir prazas vacantes)	**1 – 31 xullo**	**A16**
	Validación parcial de estudos estranxeiros para iniciar estudios no curso 2015-2016	**febreiro 2015**	**A17**

** Para os alumnos con exames en setembro, oportunidade extraordinaria de recuperación, e dos centros aos que se lles autorice unha modificación do calendario de exames o prazo será de 5 días contados a partir da data de finalización destes exames.

ANEXO I

PRAZOS

B. MÁSTER OFICIAL

INICIO DE ESTUDOS					
MÁSTER	Matrícula Directa		Matrícula xeral	7 xullo – 6 agosto	B1
			Prazo matrícula vacantes*	26 agosto -19 setembro	B2
	Criterios de selección XERAIS		Solicitude de praza	7 xullo – 6 agosto	B3
			Publicación adxudicación prazas	11 agosto	B4
			Matrícula admitidos	12 ao 21 de agosto	B5
			Matrícula en vacantes** (Máster con listaxe de agarda)	26 – 29 agosto	B6
			Matrícula en vacantes* (Máster sen listaxe de agarda)	26 agosto – 19 setembro	B7
	Criterios de selección ESPECÍFICOS		Solicitude de praza	7 xullo – 6 agosto	B8
		Máster sen listaxe de agarda	Publicación de admitidos	11 de agosto	B9
			Matrícula admitidos	12 - 21 agosto	B10
			Matrícula en vacantes*	26 agosto- 19 setembro	B11
		Máster con listaxe de agarda	Publicación admitidos	5 setembro	B12
			Matrícula Admitidos	5 – 10 setembro	B13
			Matrícula en vacantes**	Chamamento individual	B14
Máster en Formación do Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e E. de Idiomas			Solicitude de praza	7 xullo – 6 agosto	B15
			Publicación listaxes admitidos	11 agosto	B16
			Matrícula admitidos	12 ao 21 de agosto	B17
			Matrícula vacantes ** (Máster con listaxes de agarda)	26 – 29 agosto	B18
			Matrícula vacantes* (Máster sen listaxes de agarda)	26 agosto –30 setembro	B19
TODOS OS MÁSTER Prazas reservadas para os solicitantes en setembro				23 setembro – 2 outubro	B20
Autorización dos coordinadores para matrícula de vacantes 2º semestre				Antes do 31 de decembro	B21
Matrícula 2º semestre (máster con vacantes e a petición do coordinador; matrícula por orde de inscrición só materias do 2º semestre)				28 xaneiro 2014 - 9 febreiro 2015	B22
Alumnos con estudos alleos ao EEES que desexen iniciar estudos nos máster con cota de praza para eles no curso 2015-2016				xaneiro de 2015 a xuño de 2015	B23

- * Os prazos de matrícula e de matrícula en vacantes comezan as 10 horas do día de inicio.
- ** Matrícula só para alumnos da listaxe de agarda (adxudicación por orde de matrícula).

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS DE MÁSTER		
Matrícula para a continuación de estudos	2 – 4 setembro	B24
Continuación de estudos tras a convocatoria do TFM de setembro	1 - 3 outubro	B25

C. CURSOS COMPLEMENTARIOS (CURSOS PONTE)

Solicitudes de admisión	7 – 31 xullo	C1
1º convocatoria matrícula admitidos	2 - 4 setembro	C2
2º convocatoria matrícula admitidos	8 – 10 setembro	C3
Matrícula prazas vacantes para alumnos que estiveran na última listaxe de agarda (asignación de prazas por orde de matrícula)	12 – 15 setembro	C4
Matrícula prazas vacantes (asignación de prazas por orde de matrícula)	17 setembro – 2 outubro	C5
Prazo matrícula Curso Ponte Semipresencial RRLL (matrícula directa)	7 xullo - 2 outubro	C6
Continuación de estudos	Idem grao	C7

PRAZOS

D. DOUTORAMENTO: ETAPA DE TESE

Alumnos de programas de doutoramento consonte o Real decreto 99/2011	Solicitude de admisión 1º período	20 agosto - 9 setembro	D1
	Solicitude de admisión 2º período	3 – 6 febreiro	D2
	Publicación relacións provisorias 1º p	16 setembro	D3
	Publicación relacións provisorias 2º p	13 febreiro 2015	D4
	Publicación relacións definitivas 1º p	26 setembro	D5
	Publicación relacións definitivas 2º p	20 febreiro 2015	D6
	1º período de matrícula	1 outubro - 10 outubro (previa autorización)	D7
	2º período de matrícula	23 – 27 de febreiro de 2015	D8
Continuación de estudos		17 xullo – 10 outubro	D9

E. CAMBIOS DE MATRÍCULA E RECOÑECEMENTOS

GRAO, C. COMPLEMENTARIOS, MÁSTER E DOUTORAMENTO

MODIFICACIÓNS E DESISTENCIA DE MATRÍCULA	Cambio ou modificación da matrícula e desistencia parcial	5 setembro – 30 setembro *	E1
	Desistencia total (anulación total da matrícula)	Ata o 30 setembro *	E2
	Modificación de matrícula para materias do 2º semestre e anuais	28 xaneiro - 9 febreiro 2015	E3
RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS E ADAPTACIÓNS	Prazo xeral	17 xullo – 4 setembro *	E4
	2º semestre	28 xaneiro - 9 febreiro 2015	E5
DESISTENCIA DE MATRÍCULA ETAPA TESE	Alumnos de inicio e continuación	Ata o 30 de outubro	E6
	Alumnos inscritos no 2º período de matrícula	Ata o 16 de marzo de 2015	E7

* Os alumnos que obteñan praza con posterioridade ao remate do prazo establecido disporán dun prazo de 5 días dende a súa matrícula para solicitar o recoñecemento de estudos.

Os alumnos que solicitaran en prazo o recoñecemento, e recibiran a resolución rematado o prazo xeral, disporán dun prazo de 5 días para a modificación ou anulación de matrícula.

Os alumnos con exames en setembro, oportunidade extraordinaria de recuperación, e dos centros aos que se lles autorice unha modificación do calendario de exames o prazo será de 5 días contados a partir da data de finalización destes exames.

F. PRAZOS ESPECÍFICOS PARA TITULACIÓNS DE 1º E 2º CICLO EN EXTINCIÓN

M. DE LIBRE ELECCIÓN	**Xeral (matrícula oferta de materias)**	**Coa matrícula ordinaria**	**F1**
	Listaxe admitidos definitiva	**10 outubro**	**F2**
	Matrícula en prazas vacantes (alumnos aos que se lles denegara matrícula nalgunha materia)	**13 – 15 outubro**	**F3**
	Matrícula módulos Jean Monnet	**1 ao 30 setembro**	**F4**
		2 ao 27 de febreiro 2015	**F5**
	Anulación matrícula módulos Jean Monnet	**15 días naturais desde o final do prazo**	**F6**
CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA	**Prazo de inscrición c. extraordinaria de fin de carreira**	**Coa matrícula ordinaria**	**F7**
	Matrícula extraordinaria en fin de carreira	**17 ao 22 de xuño 2015**	**F8**
MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO	**Modalidade de exame**	**1 - 3 outubro**	**F9**
	Modalidade de traballo de investigación	En calquera momento do curso, debendo acreditar que reúne os requisitos e que ten depositados os exemplares na Secretaría do Centro	**F10**
	Facultade de Farmacia (mod. de exame)	**17 – 29 setembro** **12– 16 marzo 2015**	**F11**
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	2 Convocatorias: xuño e setembro Nas datas que fixe a Facultade	**F12**
	Facultade de Veterinaria	Solicitude ata 31 de outubro Exames primeira quincena de novembro	**F13**

G. TITULACIÓNS PROPIAS

D. S. CRIMINOLOXÍA	**Matrícula de Inicio e adaptación dende o título anterior**	**17 xullo – 30 setembro**	**G1**
	Continuación de estudos	**17 xullo – 4 setembro**	**G2**
G. D. ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL (*)	**Solicitude**	No prazo que estableza a convocatoria do centro	**G3**
	Matrícula	**7 -18 xullo**	**G4**
	Matrícula vacantes alumnos na listaxe de agarda	**4 -12 setembro-**	**G5**
D.S XESTIÓN HOSTALEIRA (*)	**Matrícula de Inicio de estudos** (Alumnos admitidos en xullo e repetidores de 1º curso)	**7 -22 xullo**	**G6**
	Matrícula de inicio solicitantes de bolsa	**25 -29 agosto**	**G7**
	Matrícula alumnos admitidos en setembro	**1 setembro – 1 outubro**	**G8**

*_Prazos establecidos polos centros nas súas convocatorias específicas.

ANEXO I

PRAZOS

H. CALENDARIO DOUTROS ESTUDOS E ACTOS ACADÉMICOS

PROBAS ACCESO MAIORES 40 ANOS (M-40)	**Solicitude de matrícula**		**14 - 30 de maio**	**H1**
	Publicación dos Tribunais		**5 de xuño**	**H2**
	1ª Fase: Valoración currículo		**6 xuño - 13 de xuño**	**H3**
	Publicación dos resultados 1º Fase		**13 de xuño**	**H4**
	2ª Fase: Entrevistas		**20 - 26 xuño**	**H5**
	Publicación dos resultados 2º Fase e finais		**26 de xuño**	**H6**
	Prazo reclamacións		**Ata o 3 de xullo**	**H7**
	Publicación das cualificacións definitivas		**10 de xullo**	**H8**
	Matrícula		**16 – 18 xullo**	**H9**
REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS	**Cursos tutelados**	Período ordinario de matrícula. Se a resolución ministerial é posterior, poderá solicitarse realizar os cursos tutelados que se oferten no segundo cuadrimestre.		**H10**
	Prácticas, proxecto ou traballo	En calquera momento do curso		**H11**
	Probas de Aptitude / Probas de Conxunto *En cada convocatoria, as probas realizaranse no mes seguinte ao de matrícula.	**Matrícula na convocatoria Primeiro cuadrimestre**	**2 - 9 febreiro 2015**	**H12**
		Matrícula na convocatoria xuño	**3 - 11 xuño 2015**	**H13**
		Matrícula na convocatoria setembro	**2 - 9 setembro 2015**	**H14**
		Facultade de Medicina e Odontoloxía	Prazo que estableza a Facultade	**H15**
INSCRICIÓN PARA O PREMIO EXTRAORDINARIO	**Solicitude**		**16 - 30 novembro**	**H16**
	Doutoramento		Segundo a convocatoria do centro	**H17**
PRÁCTICAS TUTELADAS DA FACULTADE DE FARMACIA	**Período de setembro 2014 – abril 2015**		**2 – 17 xullo**	**H18**
	Período de febreiro 2015 – xullo 2015		**7 – 16 xaneiro 2015**	**H19**

ANEXO I

PRAZOS

I. CALENDARIO DE EXAMES, RENUNCIA ÁS CONVOCATORIAS E XESTIÓN DE ACTAS

ESTUDOS	SEMESTRE / CONV.	PERÍODO DE	DATAS 2014 - 2015 *	
GRAO E MÁSTER	1º Semestre	Docencia	5 setembro – 19 decembro	I1
		Cualificacións	8 xaneiro – 23 xaneiro 2015	I2
		Renuncia á convocatoria	7 novembro - 9 de decembro	I3
		Entrega actas exames	9 xaneiro – 10 febreiro 2015	I4
		Defensa TFG/ TFM	27 xaneiro – 27 febreiro 2015	I5
		Entrega actas TFG/TFM	27 xaneiro – 6 marzo 2015	I6
		Renuncia defensa TFG/TFM	26 decembro – 26 xaneiro 2015	I7
	2º Semestre	Docencia	27 xaneiro – 13 maio 2015	I8
		Cualificacións	14 maio – 5 xuño 2015	I9
		Renuncia á convocatoria	13 marzo 2015 - 13 abril 2015	I10
		Entrega actas de exames	14 maio – 19 xuño 2015	I11
		Defensa TFG/TFM	29 xuño – 23 xullo 2015	I12
		Entrega Actas TFG/TFM	29 xuño – 30 xullo 2015	I13
		Renuncia defensa TFG/TFM	22 maio 2015 – 22 xuño 2015	I14
	2ª Conv. xullo	Cualificacións xullo	29 xuño – 17 xullo 2015	I15
		Entrega actas	29 xuño – 23 xullo 2015	I16
	setembro	Defensa TFG/ TFM	1 setembro – 22 setembro 2015	I17
		Entrega actas TFG /TFM	1 setembro – 30 setembro 2015	I18
		Renuncia defensa TFG/TFM	23 xullo 2015 – 30 xullo 2015	I19
	CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA	Inscrición	Coa matrícula ordinaria ou no prazo de modificación ata o 30 de setembro	I20
		Cualificacións	8 xaneiro – 23 xaneiro 2015	I21
		Entrega actas exames	9 xaneiro – 10 febreiro 2015	I22
DOUTORAMENTO	Actas de Tutela Académica		1 – 31 xullo 2015	I23
TITULACIÓNS DE 1º E 2º CICLO	1º cuadrimestre		Ídem Grao	I24
	2º cuadrimestre			I25
	2ª convocatoria			I26
	Exames recuperación curso académico 2013/2014		1 setembro – 14 novembro	I27
	Entrega actas recuperación 2013/2014		1 setembro – 29 novembro	I28
	Fin de Carreira	Inscrición	coa matrícula ordinaria	I29
		Exames	2 e 17 de decembro a determinar polos Centros	I30
		Entrega Actas	2 decembro – 8 xaneiro 2015	I31

- **Salvo as indicadas expresamente, as datas corresponden ao ano 2014**

DOCUMENTACIÓN. NECESARIA PARA A MATRÍCULA.

1.- COMÚN PARA TODOS OS ALUMNOS

- Solicitude de matrícula que, en xeral, será electrónica a través da Secretaría Virtual debendo o interesado facilitar todos os datos que lle require o sistema.

A petición asinada polo alumno implica que declara aceptar as bases da convocatoria, que todos os datos que se incorporaron axústanse á realidade, que autoriza á USC a obter, a través das Administracións correspondentes, a información necesaria para a tramitación da súa solicitude, e que manifesta a súa conformidade a recibir notificacións telemáticas.

- Documentación acreditativa das exencións ou reducións de prezos segundo se detalla no **apartado 5**.

- De non constar no seu expediente na USC (alumnos que inician de estudos, que proceden doutras universidades, etc.) ademais:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou documento de identificación para estranxeiros e do pasaporte. O documento de identificación para estranxeiros deberá presentarse no momento da súa expedición no caso de que non se presente xunto co pasaporte.

- Título ou proba que habilite ao alumno para cursar os estudos de Grao, Máster ou Doutoramento, ou o título propio concreto segundo corresponda. Estes documentos especifícanse nos Anexos **III e IV**.

No caso de que este sexa a Certificación das Probas de Acceso á Universidade, non será necesario se obra xa en poder da Universidade por telas superado en Galicia.

2.- MATRÍCULA EN ESTUDOS DE GRAO

Alumnos que inicien estudos e superaran as probas de acceso en cursos anteriores: Os alumnos que inicien estudos nun Centro e superaran as probas de acceso á Universidade (ou titulación equivalente) en cursos anteriores, deben presentar certificación académica persoal dos estudos universitarios realizados anteriormente ou, de ser o caso, declaración xurada de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria.

Os alumnos que superaron as Probas de Acceso para maiores de 25 anos, de 40 anos ou as probas para maiores de 45 anos, deberán declarar non posuír outra titulación de acceso.

Alumnos admitidos para continuar estudos procedentes doutras universidades.

Ademais da documentación esixida para a admisión:

a) Resgardo de que se aboaron os dereitos de traslado de expediente, cando proceda.

b) No caso de continuación de estudos xa iniciados noutra ou noutras universidades presentarán, se non o fixeron no momento da solicitude de admisión, certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada dos estudos de orixe.

DOCUMENTACIÓN. NECESARIA PARA A MATRÍCULA.

3.- MATRÍCULA EN TITULACIÓNS DE MÁSTER OFICIAL

Os alumnos procedentes doutras universidades deberán remitir unha certificación académica completa dos estudos cursados que lles dean acceso á titulación solicitada. Esta certificación deberá conter a seguinte información:

- Materias e cualificacións correspondentes a cada unha delas
- Constancia da superación dos estudos que dan acceso ao Máster

4.- MATRÍCULA NO DOUTORAMENTO

Alumnos con títulos expedidos noutros países

Cando o título que lle dá acceso ao doutoramento fose obtido no estranxeiro, o alumno deberá entregar algún dos seguintes documentos (excepto cando realice a matrícula por estadía de investigación):

- Resolución do M.E.C. concedéndolle a homologación do seu título
- Resolución da USC concedéndolle a equivalencia ou recoñecemento (admisión previa)

En caso de non estar en posesión dalgún destes documentos, deberá presentar xustificante de solicitar a homologación ou a equivalencia o reconoñecemento. Neste suposto a matrícula quedará condicionada á concesión positiva, que deberá acreditar dentro do curso académico.

5.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA GRATUIDADE, EXENCIÓN OU REDUCIÓN DOS PREZOS DA MATRÍCULA.

Para acreditar o beneficio da gratuidade, exención ou redución de prezos públicos por servizos académicos, deberanse presentar, segundo o caso, algún dos seguintes documentos:

a) **Acreditación de residencia**.- A efectos do disposto nesta convocatoria teñen a condición de residentes exclusivamente:
   - Os que ostenten a nacionalidade española ou de calquera país membro da UE
   - Os que adquiran a condición por razón de parentesco ou relación laboral

En relación co recoñecemento da condición de residente dos alumnos de nacionalidade estranxeira, esta quedará acreditada pola presentación da Tarxeta de Identificación de Estranxeiros (TIE).

Os alumnos nacionais de países da Unión Europea non precisan acreditar a condición de residente a efectos da determinación dos prezos de matrícula xa que son, en todo caso, considerados como non estranxeiros.

Non obstante, se algún alumno estranxeiro presenta outra documentación distinta por non poder presentar a TIE solicitarase informe do SXA para aceptar a devandita documentación.

b) Os beneficiarios do réxime de **protección ás familias numerosas** de categorías xeral e especial: FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE BENEFICIARIO, só no caso de que non o entregaran anteriormente, ou de entregalo que estivese caducado nas datas da matrícula, e non entregase copia da renovación actualizada. En caso de ser necesario deberá presentarse o documento orixinal do que debe deixar constancia o funcionario que efectúe a matrícula.

No caso de que esta documentación figure actualizada no expediente do alumno non hai que entregala.

Así mesmo, se no período de matrícula solicitara a renovación, deberá presentar no momento da matrícula o xustificante de ter presentado esta solicitude. O título renovado terá que presentarse antes do 31 de decembro do mesmo ano. En caso de non presentalo neste prazo, anularanse os beneficios concedidos e procederase a reclamar o pago do importe total da matrícula.

c) Os **beneficiarios de axudas ao estudo** diferentes ás da convocatoria xeral do MEC, documento que acredite que se lle concedeu tal axuda para o curso académico actual, ou de non telo, con carácter provisional, presentación do resgardo de solicitude da axuda sempre que a convocatoria pola que se concede a bolsa estableza a posterior compensación de prezos á Universidade. O alumno deberá acreditar a compensación de prezos á Universidade de Santiago de Compostela por parte do organismo convocante.

   En calquera caso aqueles aos que se lles denegue a axuda deben aboar o importe da matrícula aínda que comezasen ou comecen o trámite das reclamacións pertinentes.

d) Os que obtivesen a cualificación de **Matrícula de Honra** nalgunha materia durante o curso académico anterior non se lles esixirá documentación ningunha, debéndose constatar nas actas ou no expediente do alumno.

e) Para os alumnos que obtivesen **Matrícula de Honra** en COU, no segundo curso de bacharelato LOXSE ou no ciclo superior de formación profesional, a certificación do centro en tal sentido ou ben fotocopia cotexada polos xefes de División das Unidades de Xestión Académica á vista do Libro de Escolaridade.

f) Respecto doutras exencións legalmente establecidas, deberán presentar os seguintes documentos:

   -- Discapacidade.- Documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de minusvalía (igual ou superior ao 33%)

   -- Vítimas de actos terroristas.- Documento acreditativo, de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

   -- Violencia de xénero.- Poderá acreditarse con calquera dos seguintes documentos:

   a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

   b) Sentenza de calquera orde xuridiscional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero

   c) Certificación dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.

   d) Certificación dos Servizos de Acollida da Administración Pública Autonómica ou Local

   e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia

   f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social

   g) Calquera outro que se estableza regulamentariamente

ANEXO III
TÍTULOS E PROBAS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE

1. ENSINANZAS DE GRAO

- Probas de acceso á Universidade.- Fotocopia compulsada da tarxeta na que figure telas superado e a cualificación definitiva ou acreditalo conforme se recolle no Anexo II.
- Credencial expedida pola UNED para os alumnos procedentes de sistemas educativos de países membros da Unión Europea ou cos que exista convenio bilateral que reúnan os requisitos académicos esixidos no país de orixe para acceder ás súas universidades, de acordo co regulado no artigo 38.5 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación.
- Validación de estudos de ensino medio realizados no estranxeiro. Os españois e estranxeiros que realizasen estudos validables polo Bacharelato.

  a) Resgardo acreditativo de ter promovido a validación dos seus estudos polos equivalentes españois.

  b) Tarxeta de inscrición na que conste que superaron as probas de aptitude para o acceso á universidade, no seu caso e xustificante de ter aboado os dereitos para o traslado de expediente na UNED ou universidade de procedencia.

- PROGRAMAS DE ESTUDOS ANTERIORES Á LOXSE

  a) Bachareis xerais e técnicos superiores de programas de estudos de 1934 e 1938. Fotocopia compulsada do título

  b) Alumnos do curso preuniversitario: fotocopia compulsada da dilixencia do Libro Escolar de ter superadas as probas de madurez do devandito curso.

  c) Bachareis técnicos superiores: Resgardo de ter solicitado a certificación de que superou o exame de madurez.

  d) Alumnos do Curso de Orientación Universitaria (COU), posteriores ao curso 1974-75. Fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que ten superadas as probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios.

  e) Alumnos do Curso de Orientación Universitaria anteriores ao curso 1974-75: fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que se alcanzou avaliación global positiva no COU.

  Todos os alumnos citados deberán, ademais, presentar resgardo de ter aboado os dereitos para a expedición do título de Bacharel.

- Titulados universitarios (licenciados, enxeñeiros, arquitectos, diplomados, mestres, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos). Fotocopia do título debidamente compulsada ou, no seu defecto, resgardo acreditativo de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- Graduados sociais diplomados. Fotocopias compulsadas do título ou resgardo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- Mestres de ensino primario. Os do plan de 1950 e anteriores, copia do título ao facer a inscrición nas facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía e Ciencias da educación; para as outras facultades, ademais, o certificado de superar o exame de ingreso.
- Os do plan de 1967, teñen acceso a todas as facultades, deben presentar unha copia compulsada do título.
- Oficiais das Forzas Armadas. Certificación académica persoal que acredite que superaron os estudos regulares na academia xeral militar, ou especiais da armada: Escola Naval Militar e a Academia Xeral do Aire.
- Profesores mercantís. Fotocopia compulsada do título respectivo.
- Probas de acceso para maiores de 25 anos, probas para maiores de 40 e probas para maiores de 45 anos. Certificado de ter superadas as probas de acceso e declaración de non ter outro título que lles dea acceso á unversidade.

- Titulados por escolas oficiais de Náutica e Máquina. Fotocopia compulsada do título expedido pola Subsecretaría da Mariña Mercante do Ministerio de Comercio, relativos ás seguintes titulacións: Capitán de mariña mercante, maquinista naval xefe; oficial de primeira clase do Servizo Radioeléctrico da Mariña Mercante; pilotos de segunda clase da Mariña Mercante, oficiais de máquinas de segunda clase da Mariña Mercante e oficiais de segunda clase do Servizo Radioeléctrico da Mariña Mercante sempre que uns e outros obtivesen a formación completa que se determina no Decreto 1439/1975 do 26 de xuño (BOE do 3 de xullo)
- Titulados de técnicos de empresas e actividades turísticas, obtido conforme ao plan de estudos establecido pola orde ministerial do 29 de outubro de 1980 e orde ministerial do 22 de marzo de 1983.
- Títulos superiores de música e danza, para os que superasen o grao superior. (art. 42. 3 LOXSE) (título equivalente a licenciado universitario)
- Título Superior de Arte Dramática (art. 45.1 LOXSE) (título equivalente ao de licenciado universitario)
- Titulados en Conservación e Restauracións de Bens Culturais. (Art. 49,1 LOXSE) (título equivalente ao de diplomado universitario)
- Titulados en Deseño (Art. 49,1 LOXSE) (título equivalente ao diplomado universitario).
- Titulados de nivel universitario en Ciencias Eclesiásticas R.d 1619/2011 de 14 de novembro e R.d. 447/2013 de 21 de xuño, sempre que teña recoñecidos efectos civís.

TITULADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Os titulados de FP2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e de Ciclos Formativos de Grao Superior poderán acceder aos estudos conducentes a calquera dos ensinos de Grao. Fotocopia do título debidamente compulsada ou, no seu defecto, resgardo acreditativo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- Equivalencias da formación dos Corpos de Seguridade aos Títulos de formación profesional.- Acreditación de equivalencia expedida pola Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación para o seu recoñecento: Escala de suboficiais do Exército de Terra, do Corpo de Infantaría da Marina, do Corpo Xeral do Exército do Aire e dos Corpos de Especialistas dos Exércitos, establécese unha equivalencia xenérica, para todos os efectos, co título de Técnico Superior, de acordo co establecido no Real decreto 205/2002; certificación académica oficial da autoridade competente; Escala Básica do Corpo Nacional de Policía, Categoría Primeira (Superior).- Para quen obtivese o nomeamento de Oficial de Policía da Escala Básica do Corpo Nacional de Policía, Categoría Primeira (Superior), establécese unha equivalencia xenérica, para os efectos de acceso a empregos públicos e privados e acceso á estudos universitarios, co título de Técnico Superior (Orde ECI/1995/2007); Escala de suboficiais e básica de Cabos e Gardas Civiles do Corpo da Garda Civil (R. d. 313/2006 e Orde EDU/1970/2010).

2. ESTUDOS DE MÁSTER

Para acceder, con carácter xeral será necesario un título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que faculten no país expedidor do título para o acceso a estas ensinanzas.

Tamén teñen acceso as titulacións equivalentes de plans de estudos anteriores, de acordo co catálogo de titulacións universitarias publicado no Real decreto 1954/1994, de 30 de setembro (BOE do 17-11-1994.

A USC podrá por requisitos específicos e criterios de valoración de méritos para o acceso a cada Máster. Os títulos universitarios requiridos segundo o máster concreto indícanse no **Anexo IV**.

3. ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario Oficial.

Así mesmo poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

- Quen estea en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 16 do R.D. 1393/2007 e superara un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.
- Os poseedores dun título oficial español de Grao, no que a duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Ditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster.
- Os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.
- Quen estea en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de acceso a ensinanza de Doutoramento.
- Quen estea en posesión doutro título español de Doutor obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.

Os doutorandos que iniciaran o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias, poderán acceder ás ensinanzas de doutoramento, previa admisión. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso a estudos de doutoramento.

Poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo coo disposto no Real decreto 778/1998, de 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, de 23 de xaneiro.

Tamén poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión dun título de Máster oficial conforme ao Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou superasen 60 ECTS de estudos de Máster oficial.

Por último, poderán acceder os Diplomados, Enxeñeiros Técnicos ou Arquitectos Técnicos que acrediten superar 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de Máster oficial.

4. ESTUDOS CONDUCENTES A TÍTULOS PROPIOS

Nas convocatorias específicas de matrícula para cada título propio determinaranse os títulos necesarios para acceder.

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
Acuicultura Interuniversitario SUG Facultade de Bioloxía 2ª Edicion	**Titulacións de Acceso por orde de preferencia:** **Nivel 1 de preferencia:** Lic. ou Graduado en Bioloxía, en CC. Do Mar, en Veterinaria, en Ciencias Ambientais **Nivel 2 de preferencia:** Lic. ou Graduado en Química, en Farmacia, en Enxeñaria Agroforestal **Nivel 3 de preferencia:** Licenciado ou Graduado en CC. Experimentais **Criterios de Selección** Expediente Académico ponderado: 30%, Materias cursadas nas titulacións de acceso vinculadas co Master.(Bioquímica, Fisioloxía, Xenética, Microbioloxía, Zooloxía Botánica) 5%; Coñecementos de inglés, (First certificate, etc): 10%; Curriculum : 25%; Experiencia profesional 15%; Experiencia investigadora 15% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 5 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 10** Tempo parcial 3
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade Facultade de Xeografía e Historia 3ª Edicion	Titulacións de acceso: Todas as titulacións **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 20 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 7
Atención Sanitaria, Xestión e Coidados E.U. de Enfermaría	**TITULACIÓNS DE ACCESO** **Para as dúas especialidades** Diplomatura/Licenciatura/Grao en Enfermaría, Podoloxía, Medicina. **Para a Especialidade de Xestión só:** Licenciatura/grao en Farmacia Diplomatura/licenciatura/Grao en Ciencias Empresariais Diplomatura/Licenciatura/Grao en Xestión e Administración Pública Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas Licenciatura/Grao en Psicoloxía. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias (*) 28 Estranxeiros 2 **TOTAL PRAZAS 30** Tempo parcial 5 **Reparto por Especialidade** Esp. Clínica: Ordinarias 24 Estranxeiros 1 Tempo parcial 4 Esp.Xestión: Ordinarias 4 Estranxeiros 1 Tempo parcial 1
Avogacía [L]	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Licenciatura ou Grao en Dereito (*Se quedaren prazas vacantes no campus de Santiago ofreceranse aos alumnos que non obtivesen praza en Lugo*) **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 35 Estranxeiros - **TOTAL PRAZAS 35** Tempo parcial 20%
Avogacía [S]	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Licenciatura ou Grao en Dereito (*Se quedaren prazas vacantes no campus de Lugo ofreceranse aos alumnos que non obtivesen praza en Santiago*) **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 35 Estranxeiros - **TOTAL PRAZAS 35** Tempo parcial 20%
Bioloxía Mariña *(interuniversitario SUG)* Fac. Bioloxía	**TITULACIÓNS DE ACCESO (por orde de preferencia):** 1) Bioloxía, Ciencias do Mar 2) Resto de titulacións da Rama de Ciencias, titulacións da Rama de Ciencias da Saúde **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Curriculum: 90% (dentro do cal o expte. terá unha ponderación do 65%); Outros méritos: 10% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 8 Estranxeiros 2 **TOTAL PRAZAS 10** Tempo parcial 2
Biotecnoloxía Facultade de Farmacia	Titulacións de 1º/2º ciclo e graos de: Bioloxía, Farmacia, Medicina, Odontoloxía, Veterinaria, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Nutrición, Física e Química.; Enxeñaría Agrónoma, Enx. de Montes, Enx. Química, Enx. Técnica Agrícola (todas as especialidades), Enx. de Montes, Enx. Técnica Forestal, Enx. Técnica Industrial (especialidade en Química Industrial).; Finalmente, en el caso de alumnos con outras titulacións afíns, a Comisión Académica realizará unha proposta de complementos específicos de formación que considere oportunos. **Criterios específicos de selección:** Expediente académico: 50%; Coñecementos de linguas: 5%; Curriculum:15%; Experiencias profesional: 15%; Experiencia investigadora: 15% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias xullo 25 Ordinarias set. 10 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 38** Tempo parcial 26%
Ciencias Odontolóxicas Facultade de Medicina e Odontoloxía	**Titulacións por orde de preferencia**: 1) Lic. Odontoloxía, 2) Lic. Medicina (esp. Estomatoloxía / esp. Cirurxía Maxilofacial) **Criterios específicos de selección:** Expediente académico: 50%; Curiculum: 20%; Experiencia investigadora:30% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 21 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 24** Tempo parcial 25%

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
Computación de Altas Prestacións Interuniversitario con UDC Escola Técnica Superior de Enxeñaría	Lic. en Informática, Enxeñaría en Informática,Grao en Enxeñaría Informática,Grao en Informática, Lic. Física, Lic. Matemáticas,Enx. en Telecomunicacións,Enx Electrónica,Enx. Industrial; Outras Enxeñarías e enx. Técnicas; Licenciaturas de calquera área de Ciencias; Graos correspondentes ás enxeñarías e licenciaturas indicadas **Procedemento de admisión: matrícula directa**	Ordinarias 22 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 20%
Comunicación e Industrias Creativas Facultade de Ciencias da Comunicación	**TITULACIÓNS DE ACCESO** (por orde de preferencia): 1º) Cota prazas titulacións preferentes:a) **12 prazas** Licenciatura en Xornalismo; b) **9 prazas** Licenciatura en Comunicación Audiovisual; c) **9 prazas** Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas 2º) Outras Licenciaturas da área de Ciencias Sociais e Xurídicas 3º) Licenciaturas da área de Humanidades **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Expediente académico : 70%; Experiencia profesional: 1% por ano traballado ata un total do 12%. (xustificado coa folla resume da Seguridade Social); Experiencia investigadora: 15% (xustificada con copias de publicacións, certificados, etc.); Outros méritos: 3% (xustificación: premios e recoñecementos, actividade artística, cargos de representación) **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias xullo 20 Ordinarias set. 10 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 35** Tempo parcial 5
Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e do Desenvolvemento Interuniversitario nacional Facultade de Medicina	**TITULACIÓNS DE ACCESO** (por orde de preferencia): 1º) Licenciatura en Medicina:; 2º) Licenciaturas en Farmacia, Bioloxía, Bioquímica, Química, Biotecnoloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Odontoloxía, Nutrición Humana e Dietética, Psicoloxía, Pedagoxía, Psicopedagoxía, Antropoloxía Social, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias Ambientais, Diplomaturas en CC. da Saúde (Enfermaría, Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Podoloxía), Diplomaturas en CC. da Educación. **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Expediente académico ponderado: 50%; Coñecemento de inglés - nivel B1 (lectura de textos): 10%; Coñecementos estatística: 5%; Curriculum. 10%; Experiencia profesional: 5% (relacionada coas materias do máster); Experiencia investigadora: 10%; Outros méritos: 10% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 20 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial * (* Todas as prazas son a tempo parcial)
Dereito das Administracións e Institucións Públicas Facultade de Dereito	**TITULACIÓNS DE ACCESO** (licenciaturas e graos, por orde de preferencia):1º) Dereito; 2º) Ciencias Políticas e da Administración ; 3º) Economía; 4º) Administración e Dirección de Empresas; 5º) Relacións Laborais **CRITERIOS DE SELECCIÓN;** Expediente Académico ponderado: 60%; Titulación en Dereito: 30%; Experiencia profesional relacionada co obxecto da máster documentada con follas de servizo ou documento análogo: 10% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 20 Estranxeiros 10 **TOTAL PRAZAS 30** Tempo parcial 15%
Desenvolvemento Económico e Innovación Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	**Titulacións preferentes:** 1) Lic. ou Grao en Economía e en Administración e Dirección de Empresas. 2) Outras titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas; Titulacións da área de Ciencias Experimentais; Titulacións da área de Ciencias da Saúde; Titulacións da área de Ensinanzas Técnicas; Titulacións da área de Humanidades **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 15 Estranxeiros 10 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 40%
Dirección de Empresas-Lugo Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo)	**Titulacións por orde de preferencia:** 1º) Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas ; 2º) Licenciatura/Grao en Economía ; 3º) Enxeñarías/Graos en Enxeñaría; 4º) Licenciatura/Grao en Dereito; 5º) Outras titulacións universitarias **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 20 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 23** Tempo parcial 4
Dirección de Empresas-Santiago de Compostela Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	a) **10 prazas** Licenciatura/grao en Administración e Dirección de Empresas b) **6 prazas** Licenciatura/grao en Economía c) **4 prazas** para as seguintes titulacións por orde de preferencia:1º) Enxeñaría ; 2º) Licenciatura en Dereito; 3º) Outras titulacións universitarias **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 20 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 23** Tempo parcial 3
Dirección de Proxectos Escola Politécnica Superior (Lugo)	Por orde de preferencia: 1. Enxeñarías Superiores e Arquitectura 2. Licenciados e Graduados 3. Enxeñeiros Técnicos e Arquitectos Técnicos 4. Diplomados **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 20 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 15%
Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética Facultade de Física	Titulados da área de CC. Experimentais: Bioloxía, Biotecnoloxía, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Física, Xeoloxía, Matemáticas, Química e Bioquímica; Titulados da área de Ensinanzas Técnicas: Enxeñeiros e Arquitectos Técnicos e Superiores.; Titulados da área de Ciencias Xurídico-Sociais: Administración e Dirección de Empresas, e Economía. **Limítase a un máximo de 5 prazas dentro da oferta ordinaria os/as titulados/as de Enxeñarías Técnicas** **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 17 Estranxeiros 8 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 15%

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
Enxeñaría Agronómica Escola Politécnica Superior	Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, e Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias pola USC (así como os graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orde Ministerial CIN /325/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Agraria pola UVIGO) Enxeñaría Técnica Agrícola (con complementos, que deben cursarse previamente ou simultaneamente ao 1º curso do máster) **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 35 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 40** Tempo parcial 6
Enxeñaría Ambiental Escola Técnica Superior de Enxeñaría	Titulacións da área de CC. Experimentais e de Ensinanzas Técnicas. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 27 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 30** Tempo parcial 5
Enxeñaría Industrial Facultade de Ciencias	**Requisitos de acceso:** Sen prexuízo do disposto no artigo 17.2 e na disposición adicional cuarta do Real Decreto 139312007, de 29 de outubro, as condicións de acceso ao Máster en Enxeñaría Industrial serán as indicadas nos apartados 4.2.1 e4.2.2da OrdeCIN/3111/2009, degdefebreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Industrial. (BOE no 42118-02-2009): 4.2.1 Poderá acceder ao Máster que habilita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Industrial, quen adquirise previamente as competencias que se recollen no apartado 3 da Orde Ministerial pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial e a súa formación estar de acordo coa que se establece no apartado 5 da antes citada Orde Ministerial. (p.e.: as titulacións de grao en Enxeñaría Química, Enxeñaría Química e de Procesos Industriais, Enxeñaría Química Industrial, Enxeñaría Eléctrica; tamén os graos en Enxeñaría Electrónica elaborados que habiliten para o exercizo da profesión de Enx. Técnica Industrial). 4.2.2 Así mesmo, permitirase o acceso ao Máster cando, o título de grao do interesado, acredite ter cursado o módulo de formación básica e o módulo común á rama, aínda non cubrindo un bloque completo do módulo de tecnoloxía específica e si 48 créditos dos ofertados no conxunto dos bloques do devandito módulo dun título de grao que habilite para o exercicio de Enxeñeiro Técnico Industrial, de acordo coa referida Orde Ministerial. Igualmente, poderán acceder a este Máster os que estean en posesión de calquera outro título de grao, de enxeñaría ou de licenciatura sen prexuízo de que neste caso se establezan os complementos de formación ao necesarios e oportunos. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 30 Estranxeiros - **TOTAL PRAZAS 35** Tempo parcial 5
Enxeñaría de Montes Escola Politécnica Superior	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio natural pola USC (así como os graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orden Ministerial CIN/326/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Forestal pola UVIGO) Enxeñaría Técnica Forestal (con complementos, que deben cursarse previamente ou simultaneamente ao 1º curso do máster) **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 35 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 40** Tempo parcial 6
Enxeñaría Química e Bioprocesos Escola Técnica Superior de Enxeñaría	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Enxeñaría Química Grao en Enxeñaría Química Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias xuño 25 Ordinarias set. 2 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 30** Tempo parcial 5
Estudos Avanzados sobre a Linguaxe a Comunicación e as súas Patoloxías Interuniversitario coas Univ. da Coruña, Salamanca e Zaragoza Facultade de Psicoloxía	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Lic. ou Grao en Pedagoxía; Lic. ou Grao en Psicoloxía Lic. ou Grao en Mestre; Lic. ou Grao en Terapia Ocupacional; Lic. ou Grao en Psicopedagoxía **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 20 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 15%
Estudos da Literatura e da Cultura Facultade de Filoloxía	**Titulacións por orde de preferencia:** 1º) Licenciatura, Grao ou Diplomatura na rama de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas (cota 20 prazas); 2º) Licenciatura, Grao ou Diplomatura noutras ramas (cota 6 prazas); **Criterios especificos de selección:** - Expediente académico: 80% - Outros méritos (carta de motivación): 20% **Procedemento de admisión: criterios especificos de selección**	Ordinarias xuño 20 Ordinarias set. 3 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 26** Tempo parcial 15%

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións Interuniversitario SUG Facultade de Filoloxía	**Titulacións de acceso por orde de preferencia:** 1º Lic. en Filoloxía Inglesa ou grao equivalente.; 2º Lic. en Filoloxía ou graos en linguas, Literaturas ou en Lingüística.; 3º Lic. ou Grao en Traducción e Interpretación; en Humanidades, e en Socioloxía.; 4º) Outras titulacións da Rama de Artes e Humanidades.; 5º) Licenciados e graduados doutras titulacións universitarias. Deberase acreditar coñecementos avanzados de inglés escrito e falado (recoméndase nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas). * O reparto por universidades é: USC, 15+5+4; UDC, 10+5, e UVIGO, 10+5); en total **54 prazas**. De non cubrírense nalgunha das universidades, as prazas vacantes poderán sumarse á oferta das outras universidades até completar o máximo de 54. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias xuño: 15 Ordinarias set.: 5 Estranxeiros: 4 **TOTAL PRAZAS 24 *** Tempo parcial: 15%
Estudos Internacionais Facultade de Dereito	Titulacións por orde de preferencia: 1º) Cota prazas titulacións preferentes: a) **20 prazas:** Licenciatura ou Grao en Dereito e Ciencias Políticas e da Administración; b) **10 prazas:** Licenciatura ou Grao en Historia, Humanidades, Economía, Xornalismo, Xeografía, Administración e Dirección de Empresas, Socioloxía, Filoloxías, Diplomaturas en Xestión e Administración Pública, Relacións Laborais 2º) Outras titulacións universitarias e estranxeiros **10 prazas** **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias: 30 Estranxeiros: 10 **TOTAL PRAZAS 40** Tempo parcial: 15%
Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos Facultade de Filoloxía	Por orde de preferencia: 1. Licenciatura ou Grao en Filoloxía (en todas as súas especialidades), Historia, Historia da Arte e Humanidades 2. Lic. ou Grao en Xeografía e Filosofía, Diplomados en Documentación. 3. Outras titulacións das ramas de Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias: 20 Estranxeiros: 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial: 4
Física Facultade de Física	**Sen complementos de formación**: Licenciatura/Grao en Física **Con complementos de formación (en función da titulación e especialidade solicitada):** Outras titulacións das ramas de Ciencias / Arquitectura e Enxeñaría	Ordinarias: 25 Estranxeiros: 8 **TOTAL PRAZAS 33** Tempo parcial: 5
Fotónica e Tecnoloxías do Láser Interuniversitario SUG Facultade de Física	Ensinanzas Técnicas Titulacións da área de CC. Experimentais **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias: 30 Estranxeiros: 5 **TOTAL PRAZAS 35** Tempo parcial: 5
Historia Contemporánea Interuniversitario nacional Facultade de Historia	Titulacións por orde de preferencia: 1. Licenciatura ou Grao en Historia; 2.Licenciatura ou Grao en Humanidades, Ciencias Políticas e da Administración, Dereito, Xornalismo, Economía, Socioloxía, Xeografía, Historia da Arte; Lic. ou Grao na rama de Humanidades e na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas; 3. Resto de Graos e Licenciaturas. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias: 16 Estranxeiros: 5 **TOTAL PRAZAS 21** Tempo parcial: 4 (19%)
Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias Facultade de Farmacia	Titulacións das áreas de CC. Experimentais e da Saúde. Ensinanzas Técnicas. **Procedemento de admisión: criterios xerais**	Ordinarias: 25 Estranxeiros: 3 **TOTAL PRAZAS 28** Tempo parcial: 30%
Investigación Biomédica Facultade de Medicina e Odontoloxía **2ª Edicion**	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Titulacións de Ciencias Experimentais / Ciencias; Titulacións de Ciencias da Saúde **Criterios** Expediente académico: 66% Experiencia Investigadora: 34% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias: 20 Estranxeiros: 5 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial: 15%
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos Facultade de Farmacia	**TITULACIÓNS DE ACCESO** Licenciaturas e graos en Farmacia, Medicina, Veterinaria, Bioloxía, Química, Bioquímica, Biotecnoloxía, Enx. Biomédica e Ciencias do Mar. **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias: 25 Estranxeiros: 3 **TOTAL PRAZAS 28** Tempo parcial: 30%

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
Investigación en Ciencias da Visión Interuniversitario nacional Facultade de Medicina e Odontoloxía	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** Lic. e graos en Medicina, Bioloxía, Química, Bioquímica, Farmacia, Física, Veterinaria, Estatística.; Enxeñarías e graos en Informática, Telecomunicacións, Industrial e Electrónica.; Dipl. e graos en Óptica e Optometría e Enfermaria. **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** -Nota media mínima do expediente: 1,6 (escala 1-4); (Este criterio é excluínte. De o solicitante non chegar a esta nota media desestimarase a súa solicitude, agás que concorran circunstancias excepcionais); Cualificacións das materias relacionadas co máster obtidas na titulación de acceso.; -Traballos, cursos, seminarios realizados co perfil do máster.; -Coñecemento de inglés (nivel B1 ou equivalente);Outros méritos;Carta de motiv.e interese na investigación neste campo. **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 8 Estranxeiros 2 **TOTAL PRAZAS 10** Tempo parcial
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario Facultade de Ciencias da Educación	**TITULACIÓNS DE ACCESO** Por orde de preferencia: 1. Licenciaturas/graos en Pedagoxía e Psicopedagoxía. Graos en Educación Social e Mestre. 2. Diplomatura en Educación Social; Mestres (todas as especialidades) 3. Licenciaturas e graos en ciencias Xurídicas e Sociais / Humanidades **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias xuño 16 Ordinarias set. 4 Estranxeiros 9 **TOTAL PRAZAS 29** Tempo parcial 4
Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria Facultade de Veterinaria (Lugo)	**TITULACIÓNS DE ACCESO** (por orde de preferencia): 1º) Licenciatura en Veterinaria 2ª) Licenciatura en Medicina ou Farmacia 3º) Licenciatura en Bioloxía **Procedemento de admisión: matrícula directa**	Ordinarias 22 Estranxeiros 3 **TOTAL PRAZAS 25** Tempo parcial 15%
Lingüística Aplicada Interuniversitario SUG Facultade de Filoloxía	**TITULACIÓNS DE ACCESO** Por orde de preferencia: 1º Lic. ou Grao en Filoloxía ou títulos equivalentes da rama de humanidades. Lic. ou Grao en Tradución e Interpretación ou títulos equivalentes da rama de humanidades.; 2º Lic. ou Grao en Humanidades; Comunicación; Filosofía; Historia ou titulacións equivalentes da rama de humanidades. **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Expediente académico: 70%; Curriculum: 20%; Titulación preferente: 5%; Matrícula a Tempo Completo: 5% * A cada unha das tres universidades participantes (USC, UDC e UVIGO) correspóndenlle 10 prazas. De non cubrírense nalgunha das universidades, as prazas vacantes poderán sumarse á oferta das outras universidades até completar o máximo. **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 8 Estranxeiros 2 **TOTAL PRAZAS 10*** Tempo parcial 2
Lóxica e Filosofía da Ciencia Interuniversitario nacional Facultade de Filosofía **2ª edicion**	**Titulacións de acceso por orde de preferencia:** 1º Lic. ou Grao en Filolofía; 2º Resto de titulacións universitarias; **Criterios:** Expediente académico: 30%; Coñecemento de linguas (inglés): 10%; Experiencia profesional (deberase presentar documentación xustificativa): 5%; Experiencia Investigadora (deberase presentar documentación xustificativa: 35%; publicacións: 15%; estancias en centros de prestixio: 10%; bolsas de estudo: 10% Outros méritos (carta de motivación e adecuación da formación alegada): 20% Os alumnos deberán acreditar o nivel B1 de inglés **Procedemento de admisión: criterios específicos**	Ordinarias 10 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 15** Tempo parcial 15% (O total de prazas entre todas as universidades participantes no máster é de 75 prazas. 15 corresponden á USC)
Marketing, Consultoría e Comunicación Política Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	**TITULACIÓNS DE ACCESO:** **Titulacións preferentes:** - Graduados/as en Ciencias Políticas - Graduados/as en Periodismo o Ciencias de la Información - Graduados/as en Económicas - Graduados/as en Administración y Dirección de Empresas - Graduados en Publicidad y Relaciones Públicas - Graduados en Gestión y Administración Pública - Graduados en Derecho **Titulacións non preferentes:** Todas as titulacións universitarias que permitan o acceso aos estudos de máster. **CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Expediente académico: máx. 50% Experiencia profesional: 35% Outros méritos: 15% **Procedemento de admisión: criterios específicos**	**PRAZAS A CURSAR NA USC:** Ordinarias 30 Estranxeiros 10 **TOTAL PRAZAS 40** Tempo parcial 6 **PRAZAS A CURSAR NO I. ORTEGA Y GASSET:** Ordinarias 30 Estranxeiros 30 **TOTAL PRAZAS 60** Tempo parcial 9
Matemática Industrial Interuniversitario nacional Facultade de Matemática Industrial	**TITULACIÓNS DE ACCESO POR ORDE DE PREFERENCIA** 1º Licenciados ou Graduados en Matemáticas, Física, Química e Enxeñaría 2º Resto de titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura e da rama de Ciencias. 3º Licenciados ou Graduados en Economía e Administración de Empresas **Procedemento de admisión: criterios xerais (expediente)**	Ordinarias 15 Estranxeiros 5 **TOTAL PRAZAS 20** Tempo parcial 3

ANEXO IV.-
Límite de prazas e requisitos de admisión
Másters Universitarios. Curso 2014-2015

MÁSTER	TITULACIÓNS DE ACCESO / PROCEDEMENTO	Prazas
